Segunda. Cando se trate de xuros de préstamos garantidos con hipoteca inmobiliaria, será competente para esixila retención a Administración do territorio onde radiquen os bens obxecto da garantía.

Cando os bens hipotecados estivesen situados en territorio galego e no resto do Estado, corresponderalles a ámbalas administracións esixila retención, para o cal se ratearán os xuros proporcionalmente ao valor dos bens obxecto de hipoteca, agás no suposto de que houbera especial asignación de garantía, caso en que será esta cifra a que sirva de base para o rateo.

Terceira. Cando se trate de xuros de préstamos garantidos con hipoteca mobiliaria ou peñor sen desprazamento, a retención será esixida pola Administración do territorio onde a garantía se inscriba.

Cuarta. Cando se trate de xuros de préstamos simples, do prezo aprazado na compravenda e outros rendementos derivados da colocación de capitais, as retencións serán esixidas pola Administración do territorio onde se atope situado o establecemento ou teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal a entidade ou persoa obrigada a reter.

Dous. Na exacción das retencións e ingresos á conta a que se refire este artigo, a Xunta de Galiza aplicará idénticos tipos ós de territorio común.

Artigo 10. Retencións e ingresos a conta por determinadas ganancias patrimoniais.

Un. As retencións relativas ás ganancias patrimoniais derivadas da transmisión ou reembolso de accións e participacións de Institucións de Investimento Colectivo



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

esixiranse, conforme á súa respectiva normativa, pola Administración do Estado ou pola Xunta de Galiza, segundo que o accionista ou partícipe teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en territorio do resto do Estado ou galego.

Dous. As retencións correspondentes ao Gravame especial sobre os premios de determinadas loterías e apostas esixiranse, conforme á súa respectiva normativa, pola Administración do Estado ou pola Xunta de Galiza competente por razón do territorio segundo que o perceptor dos mesmos teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en territorio común ou galego.

As retencións e ingresos a conta correspondentes a premios distintos dos especificados no parágrafo anterior que se entreguen como consecuencia da participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias, estean ou non vinculados á oferta, promoción ou venda de determinados bens, produtos ou servizos, esixiranse, conforme á súa respectiva normativa, pola Administración do Estado ou pola Xunta de Galiza, segundo que o pagador dos mesmos teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en territorio común ou galego.

Na exacción das retencións e ingresos a conta a que se refire este apartado, a Xunta de Galiza aplicará idénticos tipos aos de territorio común.

Artigo 11.Outros pagamentos á conta.

Un. As retencións e ingresos á conta correspondentes a rendementos derivados do arrendamento e subarrendamento de bens inmoables esixiranse, consonte a súa respectiva normativa, pola Xunta de Galiza cando o obrigado a reter ou a ingresar á conta teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en Galiza.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Dous. As retencións e ingresos á conta por cantidades aboadas a entidades e que, en virtude do réxime de imputación de rendas, deban imputarse a contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas esixíranse pola Xunta de Galiza cando o obrigado a reter ou ingresar á conta teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en Galiza.

Artigo 12. Entidades en réxime de imputación e atribución de rendas.

Un. Ás entidades en réxime de imputación de rendas aplicaráselle as normas establecidas na sección 3.^a deste capítulo. Para a exacción das bases imputadas ós seus socios, teranse en conta as normas do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre a renda de non residentes ou do imposto sobre sociedades a que se refire este concerto, segundo o imposto polo que tributen.

Dous. Nos supostos de atribución de rendas, a xestión e inspección dos entes sometidos ó devandito réxime corresponderalle á Administración do seu domicilio fiscal.

Para a exacción da renda atribuída ós seus socios, comuneiros ou partícipes, aplicaranse as normas do imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre a renda de non residentes ou do imposto sobre sociedades a que se refire este concerto, segundo o imposto polo que tributen.

Artigo 13. Eficacia dos pagamentos á conta.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Para efectos da liquidación do imposto sobre a renda do perceptor, terán validez os pagamentos á conta que se realizasen nun e noutro territorio, sen que iso implique, en caso de que os devanditos pagamentos se ingresasen en Administración non competente, a renuncia da outra a percibila cantidade a que tivese dereito, podendo reclamarlla á Administración na que se ingresase.

SECCIÓN 3.ª IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES

Artigo 14. Normativa aplicábel.

Un. O Imposto sobre Sociedades é un tributo concertado de normativa autónoma para os suxeitos pasivos que teñan o seu domicilio fiscal en Galiza.

No entanto, os suxeitos pasivos cuxo volume de operacións no exercicio anterior tivese excedido de 7 millóns de euros, e en dito exercicio realizasen en territorio común o 75 por 100 ou máis do seu volume de operacións, quedarán sometidos á normativa de dito territorio.

Así mesmo, será de aplicación a normativa autónoma aos suxeitos pasivos cuxo domicilio fiscal radique en territorio común, o seu volume de operacións no exercicio anterior tivese excedido de 7 millóns de euros e realizasen a totalidade das súas operacións en Galiza.

Dous. Entenderase por volume de operacións o importe total das contraprestacións, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido e o recargo de



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

equivalencia, no seu caso, obtido nun exercicio polo suxeito pasivo nas entregas de bens e prestacións de servizos realizadas na súa actividade.

Terán a consideración de entregas de bens e prestacións de servizos as operacións definidas como tais na lexislación reguladora do Imposto sobre o Valor Engadido.

Se o exercicio anterior fose inferior a un ano, o volume de operacións a que se refire ao apartado Un anterior será o resultado de elevar ao ano as operacións realizadas durante o exercicio.

Tres. Aos efectos do previsto nesta Sección, entenderase que un suxeito pasivo opera nun ou outro territorio cando, de acordo cos criterios establecidos no artigo 16, realice neles entregas de bens ou prestacións de servizos.

Catro. No suposto de inicio da actividade atenderase ao volume das operacións realizadas no primeiro exercicio, e se este fose inferior a un ano, o volume de operacións será o resultado de elevar ao ano as operacións realizadas durante o exercicio.

Ata que se coñezan o volume e o lugar de realización das operacións neste exercicio, tomaranse como tales, para todos os efectos, os que o suxeito pasivo estime en función das operacións que preveza realizar durante o exercicio de inicio da actividade.

Artigo 15. Exacción do Imposto.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Un. Corresponderá de forma exclusiva á Xunta de Galiza a exacción do Imposto sobre Sociedades dos suxeitos pasivos que teñan o seu domicilio fiscal en Galiza e o seu volume de operacións no exercicio anterior non houber excedido de 7 millóns de euros.

Dous. Os suxeitos pasivos cuxo volume de operacións no exercicio anterior tivese excedido de 7 millóns de euros tributarán, calquera que sexa o lugar en que teñan o seu domicilio fiscal, á Xunta de Galiza, á Administración do Estado ou a ambas Administracións en proporción ao volume de operacións realizado en cada territorio durante o exercicio.

A proporción do volume de operacións realizada en cada territorio durante o exercicio determinarase por aplicación das regras que se establecen no artigo seguinte e expresarase en porcentaxe redondeada con dúas decimais.

Artigo 16. Lugar de realización das operacións.

Entenderanse realizadas en Galiza as operacións seguintes:

A) Entregas de bens:

1.º As entregas de bens mobles corporais cando a posta á disposición do adquirente se realice desde territorio galego. Cando os bens deban ser obxecto de transporte para a súa posta á disposición do adquirente, as entregas entenderanse realizadas no lugar en que se atopen aqueles no momento de iniciarse a expedición ou o transporte. Esta regra terá as seguintes excepcións:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

a) Se se trata de bens transformados por quen realiza a entrega, entenderase efectuada esta no territorio galego se se realizou no devandito territorio o último proceso de transformación dos bens entregados.

b) Se se trata de entregas con instalación de elementos industriais fóra de Galiza, entenderanse realizadas en territorio galego se os traballos de preparación e fabricación se efectúan no devandito territorio e o custo da instalación ou montaxe non excede do 15 por 100 do total da contraprestación. Correlativamente, non se entenderán realizadas en territorio galego as entregas de elementos industriais con instalación no devandito territorio, se os traballos de preparación e fabricación dos devanditos elementos se efectúan en territorio común e o custo da instalación ou montaxe non excede do 15 por 100 do total da contraprestación.

2.º As entregas realizadas polos produtores de enerxía eléctrica, cando radiquen en territorio galego os centros xeradores dela.

3.º As entregas de bens inmoables cando os bens estean situados en territorio galego.

B) Prestacións de servizos:

1.º As prestacións de servizos entenderanse realizadas en territorio galego, cando se efectúen desde o devandito territorio.

2.º Exceptúanse do disposto no punto anterior as prestacións directamente relacionadas con bens inmoables, as cales se entenderán realizadas en Galiza cando os devanditos bens radiquen en territorio galego.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

3.º Así mesmo, exceptúanse do disposto nos puntos anteriores as operacións de seguro e capitalización, respecto das cales se aplicarán as regras contidas no artigo 32 deste concerto económico.

C) Malia o disposto nas letras A) e B) anteriores, entenderanse realizadas en Galiza as operacións que a continuación se especifican, cando o suxeito pasivo que as realice teña o seu domicilio fiscal en territorio galego:

1.º As entregas realizadas por explotacións agrícolas, forestais, gandeiras ou pesqueiras e armadores de buques de pesca de produtos naturais non sometidos a procesos de transformación que procedan directamente dos seus cultivos, explotacións ou capturas.

2.º Os servizos de transporte, mesmo os de mudanza, remolque e guindastre.

3.º Os arrendamentos de medios de transporte.

D) As operacións que, consonte os criterios establecidos neste artigo, se consideren realizadas no estranxeiro, atribuiranse a unha ou a outra Administración en igual proporción có resto das operacións.

E) As entidades que non realicen as operacións previstas no parágrafo segundo do punto dous do artigo 14 tributarán á Xunta de Galiza cando teñan o seu domicilio fiscal en territorio galego.

Artigo 17. Pagamentos á conta do imposto.

Un. As retencións e ingresos á conta do imposto sobre sociedades corresponderán a unha ou outra Administración, conforme os criterios establecidos



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

para tal efecto neste concerto para o imposto sobre a renda das persoas físicas. Así mesmo, será de aplicación o disposto no artigo 13 respecto da eficacia dos pagamentos á conta realizados nunha ou noutra Administración.

Dous. Os suxeitos pasivos que deban tributar a ámbalas administracións ingresarán o pagamento fraccionado do imposto en proporción ó volume de operacións realizado en cada territorio. Para estes efectos, aplicárase a proporción determinada na última declaración-liquidación do imposto.

Malia o disposto no parágrafo anterior poderase aplicar, logo de comunicación á Comisión de Coordinación e Avaliación Normativa prevista na sección 2.^a do capítulo III deste concerto económico, unha proporción diferente nos seguintes supostos:

a) Fusión, escisión, achega de activos e troco de valores.

b) Inicio, cesamento, ampliación ou redución de actividade en territorio común ou galego que implique unha variación significativa da proporción calculada segundo o criterio especificado no primeiro parágrafo deste punto. En todo caso, considerárase que a variación é significativa cando supoña a alteración de 15 ou máis puntos porcentuais na proporción aplicábel a calquera dos territorios.

Tres. O pagamento fraccionado efectivamente satisfeito a cada Administración deducirase da parte da cota que lle corresponda a esta.

Artigo 18. Xestión do imposto nos supostos de tributación a ámbalas administracións.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Nos casos de tributación a ámbalas administracións aplicaranse as seguintes regras:

A) O resultado das liquidacións do imposto imputaranse ás administracións do Estado e de Galiza en proporción ó volume de operacións realizado nun e noutro territorio en cada período impositivo.

B) Os suxeitos pasivos que deban tributar a ámbalas administracións presentarán ante elas, dentro dos prazos e coas formalidades regulamentarias, as declaracións-liquidacións procedentes nas que constarán, en todo caso, a proporción aplicábel e as cotas ou devolucións que resulten ante cada unha das administracións.

C) As devolucións que procedan serán efectuadas polas respectivas administracións na proporción que a cada unha lle corresponda.

Artigo 19. Inspección do Imposto.

Un. A inspección do Imposto realizarase pola Xunta de Galiza cando o suxeito pasivo teña o seu domicilio fiscal en Galiza.

No entanto, a inspección dos suxeitos pasivos cuxo volume de operacións no exercicio anterior tivese excedido de 7 millóns de euros e en dito exercicio realizasen en territorio común o 75 por 100 ou máis do seu volume de operacións corresponderá á Administración do Estado.

Así mesmo, a inspección dos suxeitos pasivos cuxo domicilio fiscal radique en territorio común, o seu volume de operacións no exercicio anterior tivese excedido de 7



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

millóns de euros e realizasen a totalidade das súas operacións en territorio galego, realizarase pola Xunta de Galiza.

Dous. As actuacións inspectoras axustaranse á normativa da Administración competente, de acordo co previsto no apartado anterior, sen prexuízo da colaboración do resto das Administracións.

Se como consecuencia das actuacións inspectoras resultase unha débeda a ingresar ou unha cantidade a devolver que corresponda a ambas Administracións, o cobro ou o pago correspondente será efectuado pola Administración actuante, sen prexuízo das compensacións que entre aquelas procedan. Os órganos da inspección competente comunicarán os resultados das súas actuacións ao resto das Administracións afectadas.

Tres. As proporcións fixadas nas comprobacións pola Administración competente terán efectos fronte ao suxeito pasivo en relación coas obrigacións liquidadas, sen prexuízo das que, con posterioridade a ditas comprobacións, se acorden con carácter definitivo entre ambas Administracións.

Artigo 20. Agrupacións de interese económico e unións temporais de empresas e grupos fiscais.

Un. O réxime tributario das agrupacións de interese económico e unións temporais de empresas corresponderalle a Galiza cando a totalidade das entidades que as integren estean suxeitas a normativa galega.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Estas entidades imputarán ós seus socios a parte correspondente do importe das operacións realizadas nun e noutro territorio, que será tida en conta por estes para determina-la proporción das súas operacións.

Dous.

1. Os grupos fiscais estarán suxeitos ao réxime de consolidación fiscal galego cando a sociedade dominante e tódalas dependentes estivesen suxeitas a normativa galega en réxime de tributación individual, e estarán suxeitos ó réxime de consolidación fiscal de territorio común cando a sociedade dominante e tódalas dependentes estivesen suxeitos ó réxime tributario de territorio común en réxime de tributación individual. Para estes efectos, consideraranse excluídas do grupo fiscal as sociedades que estivesen suxeitas á outra normativa.

En todo caso, aplicarase idéntica normativa á establecida en cada momento polo Estado para a definición de grupo fiscal, sociedade dominante, sociedades dependentes, grao de dominio e operacións internas do grupo.

2. Para a aplicación do réxime de consolidación fiscal dos grupos fiscais seguiranse as regras seguintes:

Primeira. As sociedades integrantes do grupo presentarán, de conformidade coas normas xerais a que se refire este concerto, a declaración establecida para o réxime de tributación individual.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a sociedade dominante presentará a cada unha das administracións os estados contábeis consolidados do grupo fiscal.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Segunda. O grupo fiscal tributará a unha e a outra Administración en función do volume de operacións realizado nun e noutro territorio.

Para estes efectos, o volume de operacións realizado en cada territorio estará constituído pola suma ou agregación das operacións que cada unha das sociedades integrantes do grupo fiscal efectúen nel, antes das eliminacións intergrupo que procedan.

SECCIÓN 4.^a IMPOSTO SOBRE A RENDA DE NON RESIDENTES

Artigo 21. Normativa aplicábel.

Un. O imposto sobre a renda de non residentes é un tributo concertado que se rexerá polas mesmas normas substantivas e formais cás establecidas en cada momento polo Estado.

Malia o anterior, ós establecementos permanentes domiciliados en Galiza de persoas ou entidades residentes no estranxeiro seralles de aplicación a normativa autónoma deste imposto de acordo co establecido no artigo 14.

Cando o contribuínte exerza a opción de tributación polo imposto sobre a renda das persoas físicas, por cumpri-los requisitos previstos na normativa reguladora do imposto sobre a renda de non residentes, para efectos da aplicación do réxime opcional, será tida en conta a normativa da Xunta de Galiza por razón do territorio, sempre e cando os rendementos do traballo e de actividades económicas obtidos en territorio galego representen a maior parte da totalidade de renda obtida en España. No caso de que o



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

contribuínte teña dereito á devolución, esta será satisfeita pola Xunta de Galiza con independencia do lugar de obtención das rendas dentro do territorio español.

Dous. Entenderase que unha persoa física ou unha entidade opera mediante establecemento permanente cando por calquera título dispoña, de forma continuada ou habitual, de instalacións ou lugares de traballo de calquera índole, nos que se realice toda ou parte da súa actividade, ou actúe nel por medio dun axente autorizado para contratar, en nome e por conta do suxeito pasivo non residente, que exerza habitualmente os devanditos poderes.

En particular, entenderase que constitúen establecemento permanente as sedes de dirección, as sucursais, as oficinas, as fábricas, os talleres, os almacéns, tendas ou outros establecementos, as minas, os pozos de petróleo ou de gas, as canteiras, as explotacións agrícolas, forestais ou pecuarias ou calquera outro lugar de exploración ou de extracción de recursos naturais, e as obras de construción, instalación ou montaxe cunha duración que exceda de doce meses.

Artigo 22. Exacción do Imposto.

Un. Cando se graven rendas obtidas mediante establecemento permanente, a exacción do Imposto corresponderá a unha ou outra Administración ou a ambas conxuntamente, nos termos especificados no artigo 15 anterior.

Dous. Cando se graven rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente, a exacción do Imposto corresponderá á Xunta de Galiza, cando as rendas enténdanse obtidas ou producidas en Galiza por aplicación dos seguintes criterios:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

a) Os rendementos de explotacións económicas, cando as actividades se realicen en territorio galego.

b) Os rendementos derivados de prestacións de servizos, tales como a realización de estudos, proxectos, asistencia técnica, apoio á xestión, así como de servizos profesionais, cando a prestación realícese ou se utilice en territorio galego. Entenderanse utilizadas en territorio galego as prestacións que sirvan a actividades empresariais ou profesionais realizadas en territorio galego ou se refiran a bens situados no mesmo.

Atenderase ao lugar da utilización do servizo cando este non coincida co da súa realización.

c) Os rendementos que deriven, directa ou indirectamente, do traballo:

c.1) Cando proveñan dunha actividade persoal desenvolvida en Galiza.

c.2) As pensións e demais prestacións similares, cando deriven dun emprego prestado en territorio galego.

c.3) As retribucións que se perciban pola condición de administradores e membros dos Consellos de Administración, das Xuntas que fagan as súas veces ou de órganos representativos en toda clase de entidades, conforme ao previsto no apartado Catro deste artigo.

d) Os rendementos derivados, directa ou indirectamente, da actuación persoal en territorio galego de artistas ou deportistas ou de calquera outra actividade relacionada con devandita actuación, aínda cando se perciban por persoa ou entidade distinta do artista ou deportista.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

e) Os dividendos e outros rendementos derivados da participación en fondos propios de entidades públicas galegas, así como os derivados da participación en fondos propios de entidades privadas na contía prevista no apartado Catro deste artigo.

f) Os intereses, canons e outros rendementos do capital mobiliario:

- Satisfeitos por persoas físicas con residencia habitual en Galiza ou entidades públicas galegas, así como os satisfeitos por entidades privadas ou establecementos permanentes na contía prevista no apartado Catro deste artigo.

- Cando retribúan prestacións de capital utilizadas en territorio galego.

Cando estes criterios non coincidan, atenderase ao lugar de utilización do capital cuxa prestación se retribúe.

g) Os rendementos derivados, directa ou indirectamente, de bens inmoables situados en territorio galego ou de dereitos relativos aos mesmos.

h) As rendas imputadas aos contribuíntes persoas físicas titulares de bens inmoables urbanos situados en territorio galego.

i) As ganancias patrimoniais derivadas de valores emitidos por persoas ou entidades públicas galegas, así como as derivadas de valores emitidos por entidades privadas na contía prevista no apartado Catro deste artigo.

j) As ganancias patrimoniais derivadas de bens inmoables situados en territorio galego ou de dereitos que deban cumprirse ou se exerciten en devandito territorio.

En particular, considéranse incluídas nesta letra:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

▪ As ganancias patrimoniais derivadas de dereitos ou participacións nunha entidade, residente ou non, cuxo activo estea constituído, principalmente, por bens inmoables situados en territorio galego.

▪ As ganancias patrimoniais derivadas da transmisión de dereitos ou participacións nunha entidade, residente ou non, que atribúan ao seu titular o dereito de goce sobre bens inmoables situados en territorio galego.

k) As ganancias patrimoniais derivadas doutros bens móbiles situados en territorio galego ou de dereitos que deban cumprirse ou se exerciten en devandito territorio.

Tres. Cando con arranxo aos criterios sinalados no apartado anterior, unha renda puidécese entender obtida simultaneamente en ambos territorios, a súa exacción corresponderá á Xunta de Galiza cando o pagador, si é persoa física, teña a súa residencia habitual en Galiza; si fose persoa xurídica ou establecemento permanente, atenderase ao disposto no apartado Catro deste artigo.

Catro. Nos supostos a que se refiren a letra c.3) da letra c) e as letras e), f) e i) do apartado Dous anterior, así como no suposto previsto no apartado Tres, as rendas satisfeitas por entidades privadas ou establecementos permanentes entenderanse obtidas ou producidas en territorio galego na contía seguinte:

a) Cando se trate de entidades ou establecementos permanentes que tributen exclusivamente a Galiza a totalidade das rendas que satisfagan.

b) Cando se trate de entidades ou establecementos permanentes que tributen conxuntamente a ambas Administracións a parte das rendas que satisfagan, en proporción ao volume de operacións realizado en Galiza.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

No entanto, nos supostos a que se refire esta letra, a Administración competente para a exacción da totalidade dos rendementos será a do territorio onde teñan a súa residencia habitual ou domicilio fiscal as persoas, entidades ou establecementos permanentes que presenten a liquidación en representación do non residente, sen prexuízo da compensación que proceda practicar á outra Administración pola parte correspondente á proporción do volume de operacións realizado no territorio desta última.

Así mesmo, as devolucións que proceda practicar aos non residentes serán a cargo da Administración do territorio onde teñan a súa residencia habitual ou domicilio fiscal as persoas, entidades ou establecementos permanentes que presenten a liquidación en representación do non residente, sen prexuízo da compensación que proceda practicar á outra Administración pola parte correspondente ao volume de operacións da entidade pagadora realizado no territorio desta última.

Cinco. O Gravame Especial sobre Bens Inmóbles de entidades non residentes corresponderá á Xunta de Galiza, cando o ben inmóble estea situado en territorio galego.

Artigo 23. Pagamentos á conta.

Un. Os pagamentos fraccionados que realicen os establecementos permanentes e as retencións e ingresos á conta do imposto que se lles practiquen polas rendas que perciban, esixiranse de acordo coas regras establecidas nas seccións 2.^a e 3.^a anteriores.

Dous. As retencións e ingresos á conta correspondentes ás rendas obtidas polos contribuíntes que operen sen establecemento permanente serán esixidos pola



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Administración do territorio no que se entendan obtidas as correspondentes rendas, conforme o disposto no artigo anterior. Así mesmo, a inspección será realizada polos órganos da Administración que corresponda consonte o disposto no mesmo artigo.

Malia o disposto no parágrafo anterior, nos supostos ós que se refiren as letras e), f) e i) do punto dous e no suposto previsto no punto tres, ambos do artigo anterior, serán esixidos pola Xunta de Galiza en proporción ó volume de operacións realizado en Galiza correspondente ó obrigado a reter, aplicando as regras especificadas na sección 3.^a anterior.

Tres. Así mesmo, será de aplicación o disposto no artigo 13 respecto da eficacia dos pagamentos á conta realizados nunha ou noutra Administración.

SECCIÓN 5.^a IMPOSTO SOBRE SUCESIÓN E DOAZÓNS

Artigo 24. Normativa aplicábel e exacción do Imposto.

Un. O Imposto sobre Sucesións e Doazóns é un tributo concertado de normativa autónoma.

Corresponderá a súa exacción á Xunta de Galiza nos seguintes casos:

a) Nas adquisicións “mortis causa” e as cantidades percibidas polos beneficiarios de seguros sobre a vida para caso de falecemento, cando o causante teña a súa residencia habitual en Galiza á data do devengo.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

b) Nas doazóns de bens inmobles e dereitos sobre os mesmos, cando estes bens radiquen en territorio galego. A efectos do previsto nesta letra, terán a consideración de doazóns de bens inmobles as transmisións a título gratuito dos valores a que se refire o artigo 108 da Lei 24/1988, de 28 de xullo, do Mercado de Valores.

c) Nas doazóns dos demais bens e dereitos, cando o donatario teña a súa residencia habitual en Galiza á data do devengo.

d) No suposto no que o contribuínte tivese a súa residencia no estranxeiro, cando a totalidade dos bens ou dereitos estivesen situados, puidesen exercitarse ou houbesen de cumprirse en territorio galego, así como pola percepción de cantidades derivadas de contratos de seguros sobre a vida, cando o contrato sexa realizado con entidades aseguradoras residentes no territorio galego, ou se celebraron en Galiza con entidades estranxeiras que operen nel.

Dous. Nos supostos contemplados nas letras a) e c) do apartado anterior, a Xunta de Galiza aplicará as normas de territorio común cando o causante ou donatario adquirise a residencia en Galiza con menos de 5 anos de antelación á data do devengo do Imposto. Esta norma non será aplicábel a quen conserven a condición política de galegos.

Tres. Cando nun documento doásense por un mesmo donante a favor dun mesmo donatario bens ou dereitos e, por aplicación dos criterios especificados no apartado uno anterior, o rendemento deba entenderse producido en territorio común e galego, corresponderá a cada un deles a cota que resulte de aplicar ao valor dos doados cuxo rendemento atribúeselle, o tipo medio que, segundo as súas normas, correspondería ao valor da totalidade dos transmitidos.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Catro. Cando cumpra acumular doazóns, corresponderá a Galiza a cota que resulte de aplicar ao valor dos bens e dereitos actualmente transmitidos, o tipo medio que, segundo as súas normas, correspondería ao valor da totalidade dos acumulados.

A estes efectos entenderase por totalidade dos bens e dereitos acumulados, os procedentes de doazóns anteriores e os que son obxecto da transmisión actual.

SECCIÓN 6.^a IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO

Artigo 25. Normativa aplicábel e exacción do imposto.

O imposto sobre o patrimonio é un tributo concertado de normativa autónoma. Será esixido pola Xunta de Galiza por razón do territorio ou polo Estado, segundo que o contribuínte estea suxeito polo imposto sobre a renda das persoas físicas a unha ou a outra Administración, con independencia do territorio onde radiquen os elementos patrimoniais obxecto de tributación.

Tratándose de suxeitos pasivos por obriga real de contribuír, a exacción do imposto corresponderalle á Xunta de Galiza cando o maior valor dos bens e dereitos radique en territorio galego. Para estes efectos, entenderase que radican en territorio galego os bens e dereitos que estivesen situados, puidesen exercerse ou tivesen que cumprirse no devandito territorio.

Cando o non residente que tivese en Galiza a súa última residencia opte por tributar consonte a obriga persoal, poderá tributar en territorio común ou galego consonte a súa respectiva normativa.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

SECCIÓN 7.^a IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO

Artigo 26. Normativa aplicábel.

O imposto sobre o valor engadido é un tributo concertado que se rexerá polas mesmas normas substantivas e formais establecidas en cada momento polo Estado. Non obstante, a Xunta de Galiza poderá aprobalos modelos de declaración e ingreso que conterán, polo menos, os mesmos datos cós do territorio común, e sinalar prazos de ingreso para cada período de liquidación, que non diferirán substancialmente dos establecidos pola Administración do Estado.

Artigo 27. Exacción do Imposto.

Un. A exacción do Imposto sobre o Valor Engadido axustarase ás seguintes normas:

Primeira. Os suxeitos pasivos que operen exclusivamente en territorio galego tributarán integramente á Xunta de Galiza e os que operen exclusivamente en territorio común farano á Administración do Estado.

Segunda. Cando un suxeito pasivo opere en territorio común e galego tributará a ambas Administracións en proporción ao volume de operacións efectuado en cada territorio, determinado de acordo cos puntos de conexión que se establecen no artigo seguinte.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Terceira. Os suxeitos pasivos cuxo volume total de operacións no ano anterior non tivese excedido de 7 millóns de euros tributarán en todo caso, e calquera que sexa o lugar onde efectúen as súas operacións, á Administración do Estado, cando o seu domicilio fiscal estea situado en territorio común e á Xunta de Galiza cando o seu domicilio fiscal estea situado en Galiza.

Dous. Entenderase como volume total de operacións o importe das contraprestacións, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido e o recargo de equivalencia, no seu caso, obtido polo suxeito pasivo nas entregas de bens e prestacións de servizos realizadas na súa actividade.

No suposto de inicio da actividade, para o cómputo da cifra de 7 millóns de euros, atenderase ao volume de operacións realizado no primeiro ano natural.

Se o primeiro ano de actividade non coincidise co ano natural, para o cómputo da cifra anterior, as operacións realizadas desde o inicio das actividades elevaranse ao ano.

Tres. Aos efectos do previsto nesta Sección, entenderase que un suxeito pasivo opera nun ou outro territorio cando, de acordo cos criterios establecidos no artigo 28, realice neles entregas de bens ou prestacións de servizos.

Catro. A exacción do Imposto correspondente ás operacións relacionadas co tráfico intracomunitario de bens realizarase, salvo os supostos especificados nos apartados seguintes deste artigo, nos termos especificados no apartado Un anterior.

Cinco. A exacción do Imposto polas adquisicións intracomunitarias de medios de transporte novos efectuadas por particulares ou por persoas ou entidades cuxas operacións estean totalmente exentas ou non suxeitas ao Imposto sobre o Valor



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Engadido, corresponderá á Administración do territorio común ou galego no que devanditos medios de transporte se matriculen definitivamente.

Seis. A exacción do Imposto esixirase pola Administración do Estado ou pola Xunta de Galiza, segundo que o suxeito pasivo estea domiciliado en territorio común ou galego, nos seguintes supostos:

a) As adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ao Imposto por opción ou por haberse superado o límite cuantitativo establecido na normativa reguladora do Imposto, efectuadas por suxeitos pasivos que realicen exclusivamente operacións que non orixinan dereito a dedución total ou parcial daquel, ou por persoas xurídicas que non actúen como empresarios ou profesionais.

b) As adquisicións intracomunitarias de bens en réxime simplificado, réxime especial da agricultura, gandería e pesca e réxime de recargo de equivalencia.

Artigo 28. Lugar de realización das operacións.

Un. Para os efectos deste concerto económico, entenderanse realizadas en Galiza as operacións suxeitas ao imposto de acordo coas seguintes regras:

A) Entregas de bens:

1. As entregas de bens mobles corporais, cando se realice desde territorio galego a posta á disposición do adquirente. Cando os bens deban ser obxecto de transporte para a súa posta á disposición do adquirente, as entregas entenderanse realizadas no lugar en que se encontren aqueles no momento de se iniciar a expedición ou o transporte. Esta regra terá as seguintes excepcións:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

a) Se se trata de bens transformados por quen realiza a entrega, entenderase efectuada esta no territorio galego se se realizou no devandito territorio o último proceso de transformación dos bens entregados.

b) Se se trata de entregas con instalación de elementos industriais fóra de Galiza, entenderanse realizadas en territorio galego se os traballos de preparación e fabricación se efectúan no devandito territorio e o custo da instalación ou montaxe non excede do 15 por 100 do total da contraprestación.

Correlativamente, non se entenderán realizadas en territorio galego as entregas de elementos industriais con instalación no devandito territorio se os traballos de preparación e fabricación dos devanditos elementos se efectúan en territorio común, e o custo da instalación ou montaxe non excede do 15 por 100 do total da contraprestación.

c) Se se trata de bens que deben ser obxecto de expedición ou transporte iniciado noutro Estado membro, e se cumpren os requisitos previstos na normativa reguladora do imposto sobre o valor engadido para a aplicación do réxime de vendas a distancia, a entrega entenderase realizada en Galiza cando finalice no devandito territorio o referido transporte.

2. As entregas realizadas polos produtores de enerxía eléctrica, cando radiquen en territorio galego os centros xeradores dela.

3. As entregas de bens inmoables, cando os bens estean situados en territorio galego.

B) Prestacións de servizos:

1. As prestacións de servizos entenderanse realizadas en territorio galego cando se efectúen desde o devandito territorio.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

2. Exceptúanse do disposto no punto anterior as prestacións directamente relacionadas con bens inmobles, as cales se entenderán realizadas en Galiza cando os devanditos bens radiquen en territorio galego.

3. Así mesmo, exceptúanse do disposto nos puntos anteriores as operacións de seguro e capitalización, respecto das cales se aplicarán as regras contidas no artigo 32 deste concerto económico.

C) Malia o disposto nas letras anteriores, será competente para a exacción do imposto a Administración do Estado cando o domicilio fiscal do suxeito pasivo estea situado en territorio común, e a Xunta de Galiza cando o seu domicilio fiscal estea situado en Galiza, nas operacións seguintes:

1.^a As entregas realizadas por explotacións agrícolas, forestais, gandeiras ou pesqueiras e armadores de buques de pesca de produtos naturais non sometidos a procesos de transformación, que procedan directamente dos seus cultivos, explotacións ou capturas.

2.^a Os servizos de transporte, mesmo os de mudanza, remolque e guindastre.

3.^a Os arrendamentos de medios de transporte.

Dous. As entidades que non realicen as operacións previstas neste artigo, tributarán á Xunta de Galiza cando teñan o seu domicilio fiscal en territorio galego.

Artigo 29. Xestión e inspección do Imposto.

Un. O resultado das liquidacións do Imposto imputarase ás Administracións competentes en proporción ao volume das contraprestacións, excluído o Imposto sobre



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

o Valor Engadido, correspondentes ás entregas de bens e prestacións de servizos gravadas e as exentas que orixinan dereito á dedución que se realizaron nos territorios respectivos durante cada ano natural.

Dous. As proporcións provisionalmente aplicábeis durante cada ano natural serán as determinadas en función das operacións do ano precedente. A proporción provisional aplicábel nos períodos de liquidación do primeiro ano natural do exercicio da actividade será fixada polo suxeito pasivo segundo a súa previsión das operacións a realizar en cada territorio, sen prexuízo da regularización final correspondente.

Non obstante o previsto no parágrafo anterior, poderá aplicarse, previa comunicación á Comisión de Coordinación e Avaliación Normativa prevista na sección 2.^a do capítulo III do presente Concerto Económico, unha proporción diferente nos seguintes supostos:

a) Fusión, escisión e achega de activos.

b) Inicio, cese, ampliación ou redución de actividade en territorio común ou galego que implique unha variación significativa da proporción calculada segundo o criterio especificado no primeiro parágrafo deste apartado. En todo caso, considerárase que a variación é significativa, cando supoña a alteración de 15 ou máis puntos porcentuais na proporción aplicábel a calquera dos territorios.

Tres. Na última declaración-liquidación do Imposto correspondente a cada ano natural, o suxeito pasivo calculará as proporcións definitivas segundo as operacións realizadas en dito período, e practicará a conseguinte regularización das declaracións efectuadas nos anteriores períodos de liquidación con cada unha das Administracións.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Catro. Os suxeitos pasivos presentarán as declaracións-liquidacións do Imposto ante as Administracións competentes para a súa exacción, nas que constarán, en todo caso, a proporción aplicábel e as cotas que resulten ante cada unha das Administracións.

Cinco. As devolucións que procedan serán efectuadas polas respectivas Administracións na contía que a cada unha lle corresponda.

Seis. A inspección realizarase de acordo cos seguintes criterios:

a) A inspección dos suxeitos pasivos que deban tributar exclusivamente á Xunta de Galiza ou, no seu caso, á Administración do Estado, levarase a cabo polas inspeccións dos tributos de cada unha das citadas Administracións.

b) A inspección dos suxeitos pasivos que deban tributar en proporción ao volume das súas operacións realizadas en territorio común e galego realizarase de acordo coas seguintes regras:

Primeira. Suxeitos pasivos con domicilio fiscal en territorio común: a comprobación e investigación será realizada polos órganos da Administración do Estado, que regularizarán a situación tributaria do suxeito pasivo fronte a todas as Administracións competentes, incluíndo a proporción de tributación que corresponda ás distintas Administracións.

Segunda. Suxeitos pasivos con domicilio fiscal en territorio galego: a comprobación e investigación será realizada polos órganos competentes da Xunta de Galiza, sen prexuízo da colaboración da Administración do Estado, e terá efectos fronte a todas as Administracións competentes, incluíndo a proporción de tributación que corresponda ás mesmas. No caso de que o suxeito pasivo realice no exercicio anterior



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

en territorio común o 75 por 100 ou máis das súas operacións, de acordo cos puntos de conexión establecidos, será competente a Administración do Estado sen prexuízo da colaboración da Xunta de Galiza.

Se como consecuencia de ditas actuacións resultase unha débeda a ingresar ou unha cantidade a devolver que corresponda a ambas Administracións, o cobro ou o pago correspondente será efectuado pola Administración actuante, sen prexuízo das compensacións que entre aquelas procedan. Os órganos da inspección competente comunicarán os resultados das súas actuacións ao resto das Administracións afectadas.

Terceira. As proporcións fixadas nas comprobacións pola Administración competente fornecerán efectos fronte ao suxeito pasivo en relación coas obrigacións liquidadas, sen prexuízo das que con posterioridade a ditas comprobacións acórdense con carácter definitivo entre as Administracións competentes.

Sete. As entidades acolleitas ao réxime especial do grupo de entidades tributarán aplicando as regras contidas na presente Sección 7.^a, coas seguintes especialidades:

Primeira. Consideraranse excluídas do grupo de entidades as entidades dependentes cuxa inspección, de acordo coas regras contidas no apartado Seis anterior, atópese encomendada aos órganos dunha Administración, galega ou común, distinta da aplicábel á entidade dominante.

Segunda. As entidades integrantes do grupo de entidades presentarán, de conformidade coas normas xerais a que se refire este Concerto, a declaración establecida para o réxime de tributación individual, contendo importes que resulten da aplicación individual das normas reguladoras do imposto, incluíndo, no seu caso, as propias do réxime especial do grupo de entidades.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Cada entidade integrante do grupo calculará de forma individual o resultado da declaración imputábel a cada Administración aplicando o resto de regras establecidas na presente Sección 7.^a

Terceira. As obrigacións específicas das entidades dominantes haberán de ser cumpridas ante as Administracións tributarias en cuxo territorio operen as entidades que integran o grupo.

Cuarta. O réxime especial do grupo de entidades non alterará en ningún caso as regras previstas neste Concerto e en particular as aplicábeis para determinar o volume de operacións en cada territorio.

Oito. As declaracións recapitulativas de entregas e adquisicións intracomunitarias presentaranse ante a Administración tributaria que teña atribuída a competencia para a comprobación e investigación dos suxeitos pasivos.

SECCIÓN 8.^a IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS

Artigo 30. Normativa aplicábel.

O imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados terá o carácter de tributo concertado de normativa autónoma, agás nas operacións societarias, letras de cambio e documentos que as suplan ou realicen función de xiro, que se rexerán pola normativa común, caso en que a Xunta de Galiza poderá aprobalos modelos de declaración e ingreso que conterán, polo menos, os mesmos datos cós de



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

territorio común, e sinalar prazos de ingreso para cada período de liquidación, que non diferirán substancialmente dos establecidos pola Administración do Estado.

Artigo 31. Exacción do imposto.

A exacción do imposto corresponderalle á Xunta de Galiza nos seguintes casos:

1. Nas transmisións onerosas e arrendamentos de bens inmobles e na constitución e cesión onerosa de dereitos reais, mesmo de garantía, que recaian sobre deles, cando estes radiquen en territorio galego.

Nos supostos previstos no artigo 108 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, cando radiquen en territorio galego os bens inmobles integrantes do activo da entidade da que se transmiten os valores.

2. Nas transmisións onerosas de bens mobles, semoventes e créditos, así como na constitución e cesión onerosa de dereitos sobre eles, cando o adquirente, sendo persoa física, teña a súa residencia habitual en Galiza e sendo persoa xurídica teña nel o seu domicilio fiscal. Malia o anterior, establécense as dúas particularidades seguintes:

a) Na transmisión de accións, dereitos de subscrición, obrigas e títulos análogos e demais valores, así como participacións sociais, atenderase ó lugar de formalización da operación.

A estes efectos, cando, como consecuencia do intercambio de proxectos de disposicións normativas especificado no apartado Uno do artigo 4 do presente Concerto Económico, efectuásense observacións en relación coas propostas contidas nelas, calquera das institucións e Administracións representadas poderá solicitar, por escrito e de forma motivada, a convocatoria desta Comisión, que se reunirá no prazo máximo de quince días desde a solicitude de convocatoria, analizará a adecuación da normativa proposta ao Concerto Económico e intentará, con anterioridade á publicación das



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

correspondentes normas, propiciar que as institucións e Administracións representadas alcancen un acordo sobre as posibles discrepancias existentes en relación ao contido da normativa tributaria.

b) Resolver as consultas que se susciten sobre a aplicación dos puntos de conexión contidos no presente Concerto Económico. Estas consultas trasladaranse para a súa análise xunto coa súa proposta de resolución no prazo de dous meses desde a súa recepción, ao resto das Administracións concernidas. No caso de que no prazo de dous meses non se formularon observacións sobre a proposta de resolución, esta entenderase aprobada.

De existir observacións e non ser admitidas, poderá chegarse a un acordo sobre as mesmas no seo da Comisión de Coordinación e Avaliación Normativa. En todo caso, transcorridos dous meses desde que ditas observacións sexan formuladas sen chegar a un acordo sobre as mesmas, a Comisión de Coordinación e Avaliación Normativa así como calquera das Administracións concernidas poderá proceder a trasladar o desacordo á Xunta Arbitral no prazo dun mes.

c) Realizar os estudos que estimen procedentes para unha adecuada articulación estrutural e funcional do réxime autonómico co marco fiscal estatal.

d) Facilitar ás Administracións competentes criterios de actuación uniforme, plans e programas de informática e articular os instrumentos, medios, procedementos ou métodos para a materialización efectiva do principio de colaboración e do intercambio de información.

e) Analizar os supostos ou cuestións que se suscitaron en materia de inspección entre a Administración do Estado e a Xunta de Galiza, así como os problemas de valoración a efectos tributarios.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

f) Emitir os informes que sexan solicitados polo Ministerio de Facenda, o Departamento de Facenda do Goberno Galego e a Xunta Arbitral.

g) Calquera outra relacionada coa aplicación e execución deste Concerto Económico en particular.

SECCIÓN 3ª. A XUNTA ARBITRAL

Artigo 63. Composición.

Un. A Xunta Arbitral estará integrada por tres membros cuxo nomeamento se formalizará polo/a Ministro/a de Facenda e Administracións Públicas e o/a Conselleiro/a de Facenda e Finanzas.

Dous. Os árbitros serán nomeados para un período de seis anos.

Tres. En caso de producirse unha vacante, será cuberta seguindo o mesmo procedemento de nomeamento.

O novo membro será nomeado polo período de mandato que restaba ao que substitúe.

Catro. Os integrantes da Xunta Arbitral serán designados entre expertos de recoñecido prestixio con máis de quince anos de exercicio profesional en materia tributaria ou facendística.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Artigo 64. Funcións.

Un. A Xunta Arbitral terá atribuídas as seguintes funcións:

a) Resolver os conflitos que se susciten entre a Administración do Estado e a Xunta de Galiza ou entre a Xunta e a Administración de calquera outra Comunidade Autónoma, en relación coa aplicación dos puntos de conexión dos tributos concertados e a determinación da proporción correspondente a cada Administración nos supostos de tributación conxunta polo Imposto sobre Sociedades ou polo Imposto sobre o Valor Engadido.

b) Coñecer dos conflitos que xurdan entre as Administracións interesadas como consecuencia da interpretación e aplicación do presente Concerto Económico a casos concretos concernentes a relacións tributarias individuais.

c) Resolver as discrepancias que poidan producirse respecto de a domiciliación dos contribuíntes.

Dous. Cando se suscite o conflito de competencias, as Administracións afectadas notificarano aos interesados, o que determinará a interrupción da prescrición e absteranse de calquera actuación ulterior.

Os conflitos serán resoltos polo procedemento que regulamentariamente establézase no que se dará audiencia aos interesados.

Tres. Cando se suscite o conflito de competencias, ata tanto sexa resolto o mesmo, a Administración que viñese gravando aos contribuíntes en cuestión continuará someténdoo á súa competencia, sen prexuízo das rectificacións e compensacións tributarias que deban efectuarse entre as Administracións, retrotraídas á data desde a que proceda exercer o novo acordo tributario, segundo o acordo da Xunta Arbitral.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Artigo 65. Acordos da Xunta Arbitral.

A Xunta Arbitral resolverá conforme a dereito, de acordo cos principios de economía, celeridade e eficacia, tódalas cuestións que ofrezan o expediente, fosen ou non formuladas polas partes ou os interesados no conflito, incluídas as fórmulas de execución.

Os acordos desta Xunta Arbitral, sen prexuízo do seu carácter executivo, serán unicamente susceptibles de recurso en vía contencioso-administrativa ante a sala correspondente do Tribunal Supremo.

Disposición adicional primeira.

Mentres a Xunta de Galiza non aprobe as disposicións necesarias para a aplicación deste concerto económico, aplicaranse as normas vixentes en territorio común, as cales, en todo caso, terán carácter de dereito supletorio.

Disposición adicional segunda.

Un. Calquera modificación deste concerto económico farase polo mesmo procedemento seguido para a súa aprobación.

Dous. No caso de que se producise unha reforma no ordenamento xurídico tributario do Estado que afectase á concertación dos tributos, se producise unha alteración na distribución das competencias normativas que afecte ao ámbito da



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

imposición indirecta ou se creasen novas figuras tributarias ou pagamentos á conta, ámbalas administracións procederán, de común acordo, á pertinente adaptación deste concerto económico ás modificacións que experimentase o referido ordenamento. Esta adaptación do concerto económico deberá especificar os seus efectos financeiros.

Disposición adicional terceira.

O Estado e a Comunidade Autónoma de Galiza poderán acordar o financiamento conxunto de investimentos que se vaian realizar en Galiza que, pola súa contía, valor estratéxico, interese xeral, incidencia en territorios distintos do da Comunidade Autónoma de Galiza ou por outras circunstancias especiais, fagan recomendábel ese tipo de financiamento. Igualmente, o Estado e a Comunidade Autónoma poderán acordar a participación deste financiamento de investimentos que, reunindo as características ás que se refire o parágrafo anterior, se realicen en territorios distintos do da Comunidade.

En ámbolos supostos, as achegas terán a incidencia na cota que se conveña en cada caso.

Disposición adicional cuarta.

Para a xestión, inspección, revisión e recadación dos tributos concertados, a Xunta de Galiza ostentará as mesmas facultades e prerrogativas que ten recoñecida a Facenda Pública do Estado.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Disposición adicional quinta.

A cifra do volume de operacións a que se refiren os artigos 14, 15, 19 e 27 deste concerto económico será actualizada, por acordo da Comisión Mixta do Concerto Económico, polo menos cada cinco anos.

Disposición transitoria primeira.

A cifra determinante do volume de operacións establecida no presente Concerto Económico resultará de aplicación aos períodos impositivos ou de liquidación, segundo o imposto de que se trate, que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2017.

Disposición transitoria segunda.

Os tributos esixíbeis con anterioridade á entrada en vigor deste concerto económico rexeranse polos puntos de conexión vixentes no momento da súa esixibilidade.

Esta mesma regra aplicarase respecto das retencións, ingresos á conta e pagamentos fraccionados cando o nacemento da obriga de reter, ingresar á conta ou de realizalo pagamento fraccionado se producise, así mesmo, con anterioridade á entrada en vigor deste concerto económico.

Os procedementos non finalizados á entrada en vigor deste concerto económico rexeranse pola normativa vixente no momento do seu inicio.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Disposición transitoria terceira.

Malia o disposto na disposición transitoria anterior, os órganos previstos no capítulo III deste concerto económico coñecerán, consonte os procedementos e competencias que neste se lle atribúen, de tódolos asuntos que estean pendentes de resolución entre as dúas administracións no momento da súa entrada en vigor.

Disposición transitoria cuarta.

O réxime tributario aplicábel ás agrupacións de interese económico e ás unións temporais de empresas constituídas con anterioridade á entrada en vigor deste concerto económico será o correspondente a Galiza cando non superen o seu ámbito territorial.

Disposición transitoria quinta.

Entrementres non se modifique o actual réxime de fabricación e comercio dos elaborados do tabaco, o axuste para o imposto especial de fabricación de elaborados de tabaco, recollido no artigo 54 deste concerto económico, será o resultante de aplicala seguinte expresión matemática:

$$RFG = RRG + c' * RRTC [(1 - c') * RRG]$$

Sendo:

RFG = Recadación final anual para Galiza por elaborados de tabaco.

RRG = Recadación real anual de Galiza por labores de tabaco.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

RRTC = Recadación real anual do territorio común por elaborados de tabaco.

c' = Elaborados do tabaco subministrados a expendedorías de tabaco e timbre situadas en Galiza / Elaborados de tabaco subministrados a expendedorías de tabaco e timbre situadas en territorio de aplicación do imposto

Disposición transitoria sexta.

As devolucións parciais no Imposto sobre Hidrocarburos derivadas do establecemento do tipo reducido especial ao gasóleo utilizado como carburante para fins profesionais que autoriza a Directiva 2003/96/CE do Consello, de 27 de outubro de 2003, pola que se reestrutura o réxime comunitario de imposición dos produtos enerxéticos e da electricidade, efectuaranse pola Administración correspondente ao domicilio fiscal do beneficiario de ditas devolucións.

Disposición transitoria sétima.

As devolucións extraordinarias do Imposto sobre Hidrocarburos para agricultores e gandeiros derivadas da aplicación de medidas para paliar o incremento de custos dos insumos na produción sufridos no sector agrario, efectuaranse pola Administración correspondente ao domicilio fiscal do beneficiario de ditas devolucións.

Disposición transitoria oitava.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2016 13:06
Nº Rexistro: 1954
Data envío: 02/12/2016 13:06:07.459

Cando, conforme á disposición adicional quinta da Lei 28/2006, de 18 de xullo, de Axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, se proceda á transformación dalgún organismo autónomo ou entidade pública empresarial en axencia, aplicárase, respecto das mesmas, o réxime de competencias previsto no artigo 7 para os organismos autónomos e entidades públicas empresariais.

Disposición derradeira única.

A derogación ou modificación, se é o caso, das normas do concerto económico aplicábeis ós diferentes tributos entenderanse sen prexuízo do dereito das administracións respectivas a esixiren, consonte os puntos de conexión entón vixentes, as débedas esixíbeis con anterioridade.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2016

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 02/12/2016 13:05:18

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

- 1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei,
 formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de
 fomento da implantación de iniciativas emp
 resariais en
 Galicia (doc. núm. 13196, 10/PPL-000009)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

13196(10/PPL-000009)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas
empresariais en Galicia

Publicación da iniciativa, 154, 28.07.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13196
Data envío: 27/07/2017 17:30:00.580

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 122 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia**, polo trámite de **urxencia**.

Antecedentes:

- Constitución Española
- Estatuto de Autonomía de Galicia
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

Xustificación da urxencia

Existe nestes momentos en Galicia unha preocupación compartida por axentes sociais e grupos políticos relativa á necesidade de tomar medidas para que a implantación empresarial na nosa Comunidade resulte aínda máis atractiva para os investidores. As empresas de todos os sectores reclaman maiores facilidades tanto na adquisición de solo como na tramitación das autorizacións ou no apoio público.

O proceso de recuperación da actividade económica que está a vivir o noso país debe ter continuidade e, en consecuencia, Galicia necesita encarar o ano 2018, para o que diferentes entidades públicas e privadas prognostican un crecemento do PIB próximo ao 3%, tendo en vigor un potente paquete de incentivos á instalación de empresas, de xeito que ningunha traba administrativa poida obstaculizar o crecemento de Galicia nin minugar a súa capacidade de competir coas moi favorables condicións de implantación empresarial que ofrecen outras zonas limítrofes.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13196
Data envío: 27/07/2017 17:30:00.580

Exposición de motivos

I

A Comunidade autónoma de Galicia ten atribuída no artigo 30 do seu Estatuto de Autonomía a competencia exclusiva sobre o fomento e planificación da actividade económica en Galicia. No exercicio desta competencia, constitúe unha importante preocupación do lexislador e da Administración autonómica o fomento da implantación no territorio da Comunidade autónoma de iniciativas empresariais, sen as cales non é posible o desenvolvemento económico nin o crecemento da ocupación e o emprego de calidade. Nesta liña, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, coa finalidade de fomentar o emprendemento e apoiar as persoas emprendedoras como axentes dinamizadores da economía.

Agora cómpre dar un paso máis e ocuparse de que as iniciativas empresariais do sector industrial, de servizos relacionados co anterior e comercial en groso dispoñan, en primeiro lugar, do solo que precisan para a súa implantación en condicións vantaxosas; en segundo lugar, dun marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, tal como esixen os principios da boa regulación; e, en terceiro lugar, de incentivos que fomenten a súa radicación en Galicia.

Fundada nestas bases, a presente lei cumpre os requirimentos de boa regulación que establece a lexislación do procedemento administrativo común das Administracións públicas:

- A necesidade da iniciativa lexislativa vén dada polas razóns de interese xeral que xa se teñen exposto, e que se resumen na conveniencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia de establecer medidas que fagan atractiva a implantación de iniciativas empresariais no territorio da Comunidade autónoma, tanto no que respecta ao acceso ao solo, como de mellora da normativa aplicable e os oportunos incentivos.
- Cúmrese tamén o principio de eficacia, porque esas medidas só poden ser introducidas a través dunha norma con rango de lei, ben por afectar a materias que están reservadas a este tipo de norma, ben por requirir a modificación integrada e coordinada doutras leis.
- Respéctase o principio de proporcionalidade, xa que para conseguir os obxectivos da lei non se impoñen con carácter xeral novas obrigas ou cargas administrativas, senón que, polo contrario, se realiza un decidido esforzo de simplificación da normativa que afecta á implantación e ao desenvolvemento das iniciativas empresariais.
- Préstase especial atención á efectividade do principio de seguridade xurídica, de maneira que todas as medidas recollidas na lei están debidamente coordinadas coa normativa

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13196
Data envío: 27/07/2017 17:30:00.580

aplicable ás materias concernidas, normativa que se modifica ou derroga expresamente cando resulta necesario.

- En canto ao principio de transparencia, no procedemento de elaboración desta lei promoveuse a máis ampla participación da cidadanía en xeral e dos operadores económicos dos sectores afectados en particular.

- Por último, en virtude do principio de eficiencia, e dentro do obxectivo de simplificar a normativa aplicable á implantación e ao desenvolvemento das iniciativas empresariais, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón unha racionalización da xestión dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con aquelas.

Esta lei consta de 41 artigos, estruturados en catro títulos:

- Título Preliminar, de disposicións xerais, dividido en dous capítulos, un relativo ao obxecto, ámbito de aplicación e principios, e outro ao réxime das competencias administrativas en materia de implantación de iniciativas empresariais.

- Título I, sobre o réxime do solo empresarial, dividido en catro capítulos; o primeiro regula o desenvolvemento do solo empresarial, o segundo o acceso a este tipo de solo, o terceiro a xestión das áreas empresariais e o terceiro o réxime sancionador aplicable.

- Título II, de mellora normativa para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, con catro capítulos, dedicados á tramitación ambiental conxunta de proxectos de actividades sometidas a autorización ambiental integrada e a avaliación de impacto ambiental, á coordinación do outorgamento da autorización ambiental integrada cos procedementos de avaliación de impacto ambiental e outros medios de intervención administrativa de competencia autonómica, á regulación das competencias da Administración hidráulica de Galicia na tramitación e seguimento da autorización ambiental integrada e á simplificación dos procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica tramitados pola Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia.

- Título III, de incentivos para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, con dous artigos, nos que se prevé o réxime dos devanditos incentivos e medidas de promoción fiscal coa mesma finalidade.

A lei complétase con dúas disposicións adicionais, cinco transitorias, dúas derogatorias e dezaseis derradeiras. Estas últimas, ademais de conter as previsións de carácter técnico sobre o desenvolvemento regulamentario e a entrada en vigor da lei, conectan co contido do título II, ao acometer a modificación da normativa sectorial de Galicia aplicable á implantación e ao desenvolvemento das iniciativas empresariais en sectores tan relevantes como o aproveitamento da enerxía eólica, a actividade mineira ou os aproveitamentos madeiros, co fin de conseguir a simplificación daquela.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13196
Data envío: 27/07/2017 17:30:00.580

II

O título I da lei desenvolve os principios recollidos nas alíneas c) e d) do artigo 3, relativos á racionalización da oferta de solo empresarial e á facilidade para o acceso ao mesmo das iniciativas empresariais que o demanden, así como á calidade das infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos das áreas empresariais e á responsabilidade pública e privada, segundo corresponda, no mantemento e a conservación daquelas.

O capítulo I introduce unha serie de disposicións orientadas a facilitar un desenvolvemento mais áxil do solo empresarial. Entre as novidades que se incorporan, destaca como medida de simplificación e axilización procedimental que vai incidir positivamente na implantación de iniciativas empresariais a redución dos prazos de tramitación dos proxectos sectoriais incluídos no Plan Sectorial de Áreas Empresariais de Galicia e nas súas modificacións, naqueles supostos nos que concorran razóns de urxencia apreciadas polo Consello da Xunta de Galicia.

Ademais, e co ánimo de axustar a execución de solo empresarial á demanda real existente, permítese o desenvolvemento parcial de áreas empresariais incluídas no Plan Sectorial de Áreas Empresariais de Galicia e a execución e utilización por fases dos proxectos sectoriais de iniciativa pública, cando non se prevea a división do ámbito en polígonos e o sistema de actuación sexa o de expropiación. Isto fará posible adecuar os investimentos públicos ás necesidades reais existentes en cada momento, sen ter que consumir recursos en desenvolvementos que están planificados para cubrir necesidades a longo prazo, pero que poden resultar desproporcionados para a demanda existente no momento actual. Regúlase tamén a aprobación dos proxectos de urbanización que se executen en desenvolvemento dos proxectos sectoriais.

Especial mención merece a creación do Censo de Solo Empresarial de Galicia, no que se deberán inscribir todas as áreas empresariais promovidas que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como as áreas previstas para o seu inmediato desenvolvemento. Deste modo facilítase o coñecemento do solo realmente dispoñible e o grao de ocupación das áreas empresariais existentes, configurándose así o Censo como un instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial de Galicia.

Por ultimo, establécese a posibilidade de asinar convenios entre as entidades integrantes do sector público autonómico con competencias nesta materia e os concellos, para que estes podan desenvolver áreas empresariais no suposto de que non dispoñan dos medios necesarios, aproveitándose o coñecemento técnico e a experiencia das devanditas entidades na promoción e xestión do solo empresarial.

O capítulo II inclúe medidas orientadas a facilitar o acceso ao solo empresarial, como son a aprobación de programas de incentivos, incluíndo a posibilidade de bonificacións nos

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13196
Data envío: 27/07/2017 17:30:00.580

prezos, adxudicación en dereito de superficie con opción de compra ou dereitos de adquisición preferente a favor das persoas titulares das parcelas estremeiras que permitan a consolidación dunha implantación empresarial xa existente; as adxudicacións directas para os denominados proxectos empresariais singulares; a flexibilización dos requisitos para a declaración de proxectos industriais estratéxicos; e o pagamento aprazado do prezo do solo sen repercusión de xuros durante os primeiros catro anos, a contar dende a data de formalización da venda, cun período de carencia dun ano. Esta última posibilidade, xunto coa previsión de proxectos de actuación conxunta entre os organismos dependentes da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e de Economía, Emprego e Industria, permitirán que iniciativas empresariais podan acceder ao solo de titularidade autonómica sen ter que facer fronte ao pagamento íntegro do prezo das parcelas, o que reduce o esforzo económico para a súa implantación.

No capítulo III, dando resposta ás demandas do sector, disciplínase a xestión das áreas empresariais, con tres previsións: clarifícanse, consonte o establecido pola lexislación urbanística, as diversas posibilidades de atribución da responsabilidade sobre o mantemento e conservación da urbanización nestas áreas; outorgase cobertura xurídica ás funcións que veñen desempeñando as entidades asociativas de xestión na prestación de servizos naquelas; e establécese un marco legal para a cooperación entre as Administracións públicas e estas entidades na mellora das infraestruturas, equipamentos, dotacións e servizos das áreas empresariais.

Para rematar, o capítulo IV establece o réxime sancionador no caso de incumprimento por parte das persoas promotoras da obriga de inscrición no Censo de Solo Empresarial de Galicia das áreas empresariais que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como das áreas empresariais para o seu inmediato desenvolvemento.

III

En canto á tramitación ambiental, o artigo 14 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece que as Comunidades autónomas disporán o necesario para incluír as actuacións en materia de avaliación de impacto ambiental, cando así sexa esixible, no procedemento de outorgamento e modificación da autorización ambiental integrada.

O Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real Decreto 815/2013, do 18 de outubro, estableceu un procedemento de coordinación para a tramitación ambiental daquelas instalacións que precisan unha autorización substantiva da Administración xeral do Estado e ao mesmo tempo necesitan dispoñer de autorización ambiental integrada para o seu funcionamento. Con todo, este procedemento resulta dificilmente aplicable a aqueles proxectos tramitados integramente nas Comunidades

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13196
Data envío: 27/07/2017 17:30:00.580

autónomas, debido á repartición de competencias establecido entre os distintos órganos administrativos.

Co título II da presente lei preténdese solucionar este baleiro, co obxectivo de clarificar e simplificar na medida do posible a tramitación de ambas figuras de prevención ambiental tan vinculadas entre si. Para todas aquelas cuestións non reguladas expresamente, serán de aplicación as disposicións establecidas na normativa en materia de avaliación ambiental e de prevención e control integrados da contaminación.

Na mesma liña de simplificación e fomento da implantación da actividade industrial, cómpre coordinar o outorgamento da autorización ambiental integrada cos procedementos de avaliación de impacto ambiental e outros medios de intervención administrativa de competencia autonómica.

O procedemento coordinado que se establece aplicárase ás instalacións que requiran os medios de intervención administrativa da Administración autonómica enunciados no artigo 3.3 do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, e ademais requiran unha avaliación de impacto ambiental de conformidade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

En concreto, este procedemento será de aplicación á autorización de industrias ou instalacións industriais que estean legal ou regulamentariamente sometidas a autorización administrativa previa, de conformidade coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria. Terán esta consideración as autorizacións establecidas na Lei 24/2013 do 26 de decembro, do sector eléctrico, na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e no capítulo IV da Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, sobre protección da seguridade cidadá, no referente ás instalacións químicas para a fabricación de explosivos.

Ademais, é preciso abordar a regulación de determinadas cuestións relativas ás funcións da Administración hidráulica de Galicia na tramitación e seguimento das autorizacións ambientais integradas, como son o prazo de emisión dos informes e a competencias en materia de vixilancia, inspección e sanción en materia de vertidos, posto que a normativa básica estatal unicamente as ten reguladas para os organismos de cunha do Estado.

Pola súa parte, a disposición adicional segunda da lei prevé, dentro do sistema promovido pola Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia para a xestión institucional dos residuos domésticos, encomendado á Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A., a posta en marcha dunha planta de produción de compost a partir da fracción orgánica dos residuos urbanos, coa finalidade de incrementar as porcentaxes de recuperación de materiais, consonte o disposto na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

Por último, para acadar o obxectivo de axilización administrativa no que respecta á colaboración técnica e/ou financeira da Administración hidráulica de Galicia, e na mesma

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13196
Data envío: 27/07/2017 17:30:00.580

liña das medidas anteriores, procurando a máxima racionalización e coordinación en prol do fomento e a planificación da actividade económica, redúcese o prazo de información pública previsto no artigo 29.3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e no artigo 9.1 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, que pasa de 30 días hábiles a 20 días hábiles.

Coa mesma vocación, derrógase o Decreto 162/2010, do 16 de setembro, polo que se regulan as entidades colaboradoras da Administración Hidráulica de Galicia en materia de control de vertidos e calidade das augas, xa que supoñía unha duplicidade con respecto á normativa estatal, en vulneración da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, ao impor ao administrado a repetición dos mesmos trámites, cando a acreditación estatal é válida na Comunidade autónoma.

IV

O título III da lei introduce na Comunidade autónoma de Galicia un réxime propio de incentivos ao investimento. O obxectivo do mesmo é favorecer a realización en Galicia de proxectos de investimento, de contía significativa, que supoñan a creación de novos proxectos empresariais, así como a ampliación ou modernización das actividades económicas xa desenvolvidas na nosa Comunidade.

Na medida en que a capacidade normativa da Comunidade autónoma é moi limitada para articular ditos incentivos mediante exencións, bonificacións ou deducións no marco regulador das principais figuras tributarias, o réxime levarase a efecto mediante a concesión ás persoas promotoras dos novos investimentos dunha subvención cuxa fase de pago se materializará a medida que se afronte o aboamento polo suxeito beneficiario de figuras impositivas autonómicas.

Dito réxime complementarase co establecemento, a través dos orzamentos xerais da Comunidade autónoma, de mecanismos de mellora do financiamento dos concellos galegos que incorporen nas súas figuras tributarias medidas para facilitar a implantación de iniciativas empresarias.

V

No que atinxe ás modificacións da normativa sectorial que se inclúen nas disposicións finais da lei, cómpre salientar, en primeiro lugar, ás que afectan ao aproveitamento da enerxía eólica, co fin de acadar o obxectivo da axilización administrativa e, na mesma liña das medidas anteriores, para lograr a máxima racionalización e coordinación en prol do fomento e a planificación da actividade económica.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13196
Data envío: 27/07/2017 17:30:00.580

A Comunidade Autónoma de Galicia ten regulado o aproveitamento da enerxía eólica na Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Nesta, entre outros aspectos, prevíase o trámite de selección de anteproxectos, enmarcado nun contexto normativo previo á aprobación da lexislación actual do sector eléctrico, coa que o proceso de liberalización do sector de xeración eléctrica culmina. Isto fai necesaria a actualización da lexislación específica do sector eólico no ámbito autonómico.

A devandita liberalización enmárcase dentro dunha planificación territorial definida, recollida no vixente Plan sectorial eólico de Galicia. Coa presente modificación normativa preténdese o desenvolvemento do sector dunha maneira continuada no tempo e que garanta a sostibilidade ambiental, protexéndose o medio natural cun escrupuloso respecto á Rede Natura 2000.

Ademais, o procedemento de autorización establecido na Lei 8/2009, do 22 de decembro, non contemplaba determinados aspectos normativos que se introduciron con posterioridade pola lexislación estatal, polo que resulta preciso a súa adaptación ao novo réxime xurídico.

Entre as novidades respecto da regulación actual, e co fin de simplificar os procedementos para a obtención da autorización de instalacións de enerxía eléctrica, contéplase agora a tramitación conxunta e coordinada do procedemento da autorización administrativa previa, da autorización de construción e do proxecto sectorial, establecéndose a necesidade de presentar, xunto coa solicitude da autorización, o proxecto sectorial, o que permitirá unha redución considerable dos prazos, ao se simultanear fases procedimentais como a información pública ou a solicitude do informe único aos diferentes organismos sectoriais, que deberán pronunciarse a todos os efectos nun mesmo momento.

Outra das medidas que se incorporan para simplificar a tramitación actual, sempre no eido da transparencia e sen mengua da seguridade xurídica, é a previsión de modificacións non substanciais de parques eólicos. Así, ante a complexidade derivada dos diferentes procedementos que conflúen nesta materia, e a ausencia dunha regulación específica sobre o particular na normativa vixente en materia de ordenación do territorio, contéplanse expresamente os supostos e os requisitos que deben concorrer para que proceda o recoñecemento dunha modificación do proxecto como non substancial, así como o procedemento específico e simplificado que debe seguirse nestes casos, sen que isto supoña redución das garantías nin vulneración dos principios que deben presidir o procedemento, nin moito menos da seguridade xurídica.

Para desenvolver os procedementos de xeito electrónico, créase o Rexistro Eólico de Galicia, que servirá de plataforma para a integrar os parques eólicos en funcionamento e aqueles que estean pendentes de executar, co fin de dar transparencia e seguridade á liberalización ordenada do sector.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13196
Data envío: 27/07/2017 17:30:00.580

A modificación normativa que se introduce pretende tamén favorecer a execución de proxectos viables por empresas promotoras que realmente os executen, eliminando as barreiras administrativas na transmisión de titularidades e dereitos eólicos. Respéctanse, en todo caso, os compromisos adquiridos polas empresas promotoras coa Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia no concurso eólico do ano 2010.

Na liña marcada polo réxime retributivo actual, con esixentes prazos de execución destinados a fomentar a produción a partir de fontes de enerxías renovables, vinculados ao cumprimento dos obxectivos vinculantes establecidos na Directiva 2009/28/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedemento de fontes renovables, e co obxectivo de que se desenvolvan na Comunidade Autónoma de Galicia estes proxectos, créase a declaración de proxectos de especial interese, que terá como efectos principalmente á redución de prazos e o despacho prioritario nas tramitacións administrativas. Búscase así facilitar o cumprimento dos prazos de execución destes proxectos e contribuír a acadar os obxectivos de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables marcados pola Unión Europea.

Finalmente, outra das medidas tendentes á axilización de trámites é a declaración da incidencia supramunicipal que se contempla *ex lege* na disposición adicional terceira que se engade á Lei 8/2009, do 22 de decembro, en relación coas infraestruturas de evacuación das instalacións de xeración eólica desenvolvidas no marco do Plan Sectorial Eólico de Galicia.

VI

Outra normativa sectorial que é obxecto de profunda revisión é a relativa á actividade mineira, regulada na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

A minaría é o conxunto de actividades destinadas a valorizar un recurso natural de dominio público. A súa implantación require a ocupación temporal do solo, xerando instalacións e infraestruturas, en ocasións, de carácter permanente. Para o desenvolvemento desta actividade, ademais das correspondentes autorizacións, concesións ou permisos da autoridade mineira, é necesaria a autorización das demais Administracións que poidan verse afectadas no seu ámbito competencial. Todo isto ocasiona dilatados períodos de tramitación tanto para implantación como para o cesamento das actividades mineiras, o que dificulta e, ás veces, mesmo impide o normal desenvolvemento do sector e a súa integración ambiental, social e territorial.

O obxecto destas modificacións é a axilización das tramitacións tanto para implantación das actividades mineiras, como para o seu cesamento e desafección do solo ocupado. Ao mesmo tempo, adáptase a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, á lexislación posterior en materia ambiental e mineira e garántese a compatibilización da actividade coa protección do dominio público e o desenvolvemento doutras actividades.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13196
Data envío: 27/07/2017 17:30:00.580

Establécese un procedemento integrado que incorpora as distintas autorizacións sectoriais necesarias para a implantación das actividades extractivas. Para isto, inclúese na solicitude dos dereitos mineiros a documentación requirida polas devanditas autorizacións, establecéndose as consultas aos concellos e aos organismos competentes en relación cos intereses públicos que se poidan ver afectados, e incorpóranse as correspondentes autorizacións sectoriais á resolución de outorgamento do dereito mineiro.

Para os efectos de garantir a adecuada participación pública no outorgamento de dereitos mineiros, ábrese un único período de información posterior aos informes dos organismos competentes. Deste xeito, ademais, evítase a inxerencia inxustificada das persoas interesadas producida pola publicación de proxectos que non teñan acreditada a compatibilización do proxecto mineiro con outras utilidades públicas e usos do solo a través dos informes sectoriais.

Nesta mesma liña de integración das tramitacións necesarias para o desenvolvemento das actividades mineiras, unha das principais novidades é a regulación polo miúdo do procedemento de expropiación forzosa na tramitación do dereito mineiro que así o requira, sempre que o solicite a persoa interesada, reforzándose as garantías das terceiras persoas que se poidan ver afectadas. Así, os dereitos mineiros que levan implícita a declaración de utilidade pública, en virtude da lexislación básica, poderán incorporar á súa tramitación a declaración da necesidade de ocupación dos bens ou dereitos que sexan indispensables para o inicio do proxecto, e a información ás terceiras persoas interesadas, para o exercicio dos seus dereitos, garántese a través do procedemento de información pública anteriormente sinalado.

Ao obxecto de compatibilizar ambientalmente as actividades extractivas, posibilitase a solicitude do documento de alcance do estudo de impacto ambiental a través do órgano mineiro. Prevese igualmente a reiteración da solicitude dos informes sectoriais, para contar cun mecanismo que faga posible garantir a súa emisión e a continuidade do procedemento, o que evitará dilacións que aumenten os períodos de tramitación dos dereitos mineiros e permitirá a adaptación á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O novo procedemento integra os principios da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, coa determinación por parte da persoa solicitante dos datos que gocen de segredo profesional e de propiedade intelectual e industrial, así como os que estean suxeitos á protección dos datos de carácter persoal e a confidencialidade, de forma que se garanta un acceso máis áxil á información pública sen menoscabo das limitacións establecidas legalmente.

Co fin de garantir a rehabilitación dos espazos afectados pola actividade mineira, modifícase a constitución de garantías financeiras ou equivalentes, asegurándose a existencia de fondos facilmente executables en calquera momento por parte da

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13196
Data envío: 27/07/2017 17:30:00.580

Administración. Conséguese tamén así a adaptación á Directiva 2006/21/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, sobre xestión dos residuos de industrias extractivas e pola que se modifica a Directiva 2004/35/CE, e ao Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión de residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividade mineiras, polo que se incorporou a devandita Directiva ao ordenamento xurídico español.

Finalmente, simplifícase a convocatoria de concursos mineiros, para o efecto de axilizar a liberación dos terreos afectados por dereitos mineiros caducados e a desafección dos mesmos do dominio mineiro, garantíndose así as mellores condicións no impacto que poida xerarse. Con esta finalidade, establécese que coa caducidade do dereito se convoca o concurso, cun mes de prazo para a presentación de propostas, podendo declararse deserto, o que comporta a liberación definitiva dos terreos afectados desde o punto de vista mineiro.

VII

Igualmente salientables son as modificacións do réxime administrativo dos aproveitamentos madeireiros.

A vixente Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes, plasmou a través de distintos artigos a intención do lexislador de axilizar os trámites burocráticos que a normativa vixente, non só a autonómica senón tamén a estatal, impuña aos propietarios ou empresas forestais cando querían realizar aproveitamentos forestais madeireiros ou leñosos. Esta situación provocaba unha importante lentitude e o encarecemento da tramitación das solicitudes de autorización de cortas.

Agora cómpre homoxeneizar estas previsións coas normas posteriores á Lei 7/2012, do 28 de xuño, para conseguir que, sen menoscabo dos intereses públicos a protexer, se consiga unha simplificación administrativa que faga menos complicada a actividade do sector forestal, de grande importancia nesta Comunidade autónoma.

Cabe destacar, ademais, a adaptación da lei autonómica de montes aos preceptos básicos da lei estatal. Con ela, sen prexuízo do réxime de autorizacións necesario para determinados supostos, se consolida tamén a declaración responsable como réxime de intervención administrativa principal, sen que iso supoña unha diminución da preservación dos valores culturais, naturais e paisaxísticos de Galicia, conseguíndose, en definitiva, a optimización de recursos humanos e a simplificación e normalización dos procedementos de autorizacións de aproveitamentos forestais.

VIII

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13196
Data envío: 27/07/2017 17:30:00.580

Para rematar, e sempre co espírito de simplificar a lexislación aplicable á implantación e ao desenvolvemento das iniciativas empresariais, a presente lei introduce modificacións puntuais no réxime das instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, das cooperativas e do aluguer de vivendas turísticas. Configúrase así un cadro moi completo de revisión da normativa autonómica reguladora da actividade económica privada que avanza de xeito decidido cara ao obxectivo da boa regulación.

TÍTULO PRELIMINAR Disposicións xerais

CAPÍTULO I Obxecto, ámbito de aplicación e principios

Artigo 1. Obxecto

Constitúe o obxecto da presente lei o fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia mediante a previsión de medidas que faciliten o desenvolvemento, o acceso e a xestión do solo empresarial, a mellora da normativa aplicable á devandita implantación e a previsión dos oportunos incentivos, así como a coordinación das actuacións neste eido das diferentes consellerías da Administración xeral da Comunidade autónoma e dos concellos, no marco da competencia exclusiva daquela para o fomento e a planificación da actividade económica en Galicia.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que vai ter a regulación prevista no Anteproxecto de lei de modificación da Lei de saúde de Galicia na atención sanitaria das comarcas en que van desaparecer as súas áreas sanitarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15249
Data envío: 04/09/2017 14:20:47.431



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, considera que a regulación prevista no anteproxecto de lei de modificación da Lei de saúde de Galicia vai mellorar a atención sanitaria nas comarcas que ven desaparecer as súas área sanitarias?

Pazo do Parlamento, 4 de setembro de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/09/2017 13:24:29

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 15278(10/POPX-000048)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das consecuencias sociais do modelo laboral precario que está a aplicar en Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Luis Villares Naveira, voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, **para a súa resposta oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

- É consciente o Goberno galego das consecuencias sociais do modelo laboral precario que está a aplicar en Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/09/2017 17:56:59

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 15276(10/PUP-000105)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coas deficiencias existentes no funcionamento do sistema xudicial a causa da insuficiencia de recursos, en especial, no eido da loita contra a violencia de xénero



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 18:23
Nº Rexistro: 15276
Data envío: 04/09/2017 18:23:56.712



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sanchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Pancho Casal Vidal, Luca Chao Perez, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan Jose Merlo Lorenzo, Paula Quintero Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vazquez Verao, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea , ao abeiro do recollido no Artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA urxente**, para a súa resposta oral en Pleno, relativa ás propostas de actuación no ámbito xudicial

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo colapso no mes de xullo e agosto, deste ano, debido aos recortes, tanto persoais como materiais no ámbito xudicial e o incremento da litixiosidade no ámbito da violencia de xénero.

Provocaron este colapso nos meses de xullo e agosto, de todo o sistema xudicial, entre outras causas, no ámbito civil, o incremento da reclamación das cláusulas chan, das cláusulas abusivas na contratación bancaria e hipotecaria, e no ámbito penal, o incremento ano a ano da cifra de vítimas de violencia de xénero, e os recortes aplicados polo goberno do Partido Popular desde o ano 2011.

Así constatamos que as políticas do PP en materia de violencia de xénero son meramente propagandísticas , pois nin facilitan, nin resolven, nin incrementan nin un euro a dotación orzamentaria dedicada aos Xulgados de Violencia de Xénero nin as políticas contra a violencia machista.

Polo exposto, preséntase a seguinte pregunta:



- Que medidas vai adoptar a Xunta ante a situación do sistema xudicial ante o deficitario funcionamento do sistema xudicial por insuficiencia de recursos especialmente no eido da loita contra a violencia machista?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017.

.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/09/2017 18:20:51

Paula Vázquez Verao na data 04/09/2017 18:20:57

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/09/2017 18:21:01

Juan José Merlo Lorenzo na data 04/09/2017 18:21:04

Carmen Santos Queiruga na data 04/09/2017 18:21:07

Antón Sánchez García na data 04/09/2017 18:21:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 18:23
Nº Rexistro: 15276
Data envío: 04/09/2017 18:23:56.712



Eva Solla Fernández na data 04/09/2017 18:21:13

Luca Chao Pérez na data 04/09/2017 18:21:16

Paula Quinteiro Araújo na data 04/09/2017 18:21:20

Magdalena Barahona Martín na data 04/09/2017 18:21:23

José Manuel Lago Peñas na data 04/09/2017 18:21:27

Francisco Casal Vidal na data 04/09/2017 18:21:30

David Rodríguez Estévez na data 04/09/2017 18:21:34

Marcos Cal Ogando na data 04/09/2017 18:21:37

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 14311(10/PUP-000102)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre se o Goberno galego comparte que a loita contra a violencia machista ten que alumear as políticas de todos os gobernos

Publicación da iniciativa, 165, 30.08.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 11:18
Nº Rexistro: 14311
Data envío: 11/08/2017 11:18:11.292



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral urxente** en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola falta de substituto ou substituta para o Xulgado de Violencia de Xénero no mes de agosto, na cidade da Coruña.

O servizo público da Xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. E a Xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista, unha das peores lacras da nosa sociedade e que, lonxe de se reducir, repunta.

Esta loita precisa de actuacións integrais e transversais recollidas na Lei orgánica de 2004, que o Goberno galego ten discriminado orzamentariamente ano tras ano. Hai menos dun mes, no Congreso dos Deputados acadábase un gran Pacto contra violencia de xénero, que ha de alumear as políticas de todos os gobernos, tamén do de Galicia, que presume de apoiar todas as reivindicacións que sexan necesarias (ata a secretaria xeral de Igualdade dicía hai ben pouco que “as mulleres que sofren violencia han de saber que contan con recursos e co apoio de toda a sociedade”).

Os xulgados galegos reciben ao día unha media de 15 denuncias por maltrato contra a muller, pero en Galicia só hai 2 xulgados específicos, en Vigo e en A Coruña, e os 2 necesitan máis medios, máis funcionarios/as e novas instalacións que impidan que vítimas e maltratadores se crucen.

O de A Coruña resolveu o ano pasado arredor de 1200 asuntos (a cifra máis alta dende 2009), tanto penais como civís, número de procedementos que xa se viu incrementado neste ano 2017, pois no primeiro trimestre, segundo

datos do propio Goberno do Estado, houbo 290 denuncias na cidade. E todo o mundo sabe que, estatisticamente, no verán aumentan os episodios de violencia de xénero.

Pois resulta que en A Coruña un dos xulgados de garda está a asumir os asuntos que se tramitan no de Violencia porque o seu titular marchou de vacacións en agosto, non sen antes solicitar o nomeamento dun substituto, petición que lle foi denegada. En concreto, a negativa do Ministerio de Xustiza a proporcionar ao TSXG fondos para nomear un substituto provocou xa o aprazamento de medidas civís relacionadas coa violencia de xénero, como gardas e custodias, visitas ou pensións de alimentos. A única xustificación do Ministerio, a través da Dirección Xeral de Xustiza, foi que xa se ten superado nun 106 % o orzamento para contratar xuízas e xuíces de substitución para 2017.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comparte o Goberno galego que a loita contra a violencia machista ten que alumear as políticas de todos os gobernos?

Pazo do Parlamento, 10 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/08/2017 10:31:52

María Luisa Pierres López na data 11/08/2017 10:31:59

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/08/2017 10:32:03

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/08/2017 10:32:09

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 14478(10/POP-001962)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia na adopción de medidas respecto da sobreventa de billetes polas empresas navieiras que realizan o transporte de viaxeiros para as illas Cíes

Publicación da iniciativa, 165, 30.08.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2017 12:45
Nº Rexistro: 14478
Data envío: 23/08/2017 12:45:49.981



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

**Partido dos
Socialistas
de Galicia**

Abel Fermín Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O domingo 20 de agosto produciuse un feito de extrema gravidade no transporte de viaxeiros ás illas Cíes. A decisión adoptada pola Xunta de Galicia de impedir o ataque de barcos de viaxeiros nas illas e o de non permitir a saída dende o porto de Vigo de barcos con viaxeiros que adquiriran o seu billete con antelación, desembocou nun grave problema de seguridade para miles de persoas.

Corresponden á Xunta de Galicia todas as competencias relacionadas coa xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas, a autorización a empresas de navegación e o cumprimento de que non se exceda o número máximo autorizado de visitantes. Dende o Grupo Socialista compartimos totalmente a decisión de que exista unha cota de visitantes para preservar o ecosistema medioambiental, pero corresponde á Xunta de Galicia facer respectar este volume máximo para salvagardar a propia imaxe das illas.

Era de todos coñecido que dende hai anos se viñan denunciando situacións irregulares, e polo tanto, correspondía á Xunta de Galicia ter adoptado medidas de control antes do inicio da campaña de verán e da masiva demanda de afluencia ás illas Cíes.

A xulgar polo ocorrido o domingo, e tamén o día seguinte, desde a Xunta de Galicia non se adoptaron medidas de control previo que evitasen situacións como as producidas o domingo 20 de agosto. Constátase que despois de anos de actuación a Xunta de Galicia non ten un sistema de control que evite a sobreventa de billetes como en calquera outro tipo de evento ou transporte. Desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia reprobouse e lamentouse a situación provocada, e esíxese a adopción das medidas que correspondan.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A decisión de non permitir atracar a barcos que xa chegaran o seu destino, foi a peor das decisións. Cun risco tremendo para a seguridade marítima, e con risco de graves altercados públicos. Non é razoable pensar en centos de persoas en barcos polo medio da ría, sen poder atracar e obrigándolles a volver ao seu punto de orixe. Todo o contrario ao que aconsella o sentido común e as mínimas medidas de seguridade.

Ademais, esta xestión absolutamente nefasta e irresponsable supuxo un gravísimo dano á imaxe das illas Cíes e ao turismo da cidade de Vigo. Dende hai anos vense traballando de forma moi intensa dende o Concello de Vigo e outras institucións para potenciar estas illas, co obxectivo de conseguir que sexan declaradas Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, e actuacións como a relatada tiran por terra o traballo de moito tempo.

Quen responde politicamente do sucedido? 48 horas despois ningún responsable político da Xunta de Galicia dou explicacións, nin asumiu politicamente o dano irreparable causado á cidade de Vigo, termo municipal no que se atopan as illas Cíes. É imprescindible unha explicación dos máximos responsables políticos, o presidente da Xunta de Galicia e a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, xa que non existe unha explicación sobre a gravísima e irresponsable decisión adoptada.

A medida que pasan as horas, increméntase a sospeita da absoluta incapacidade da Xunta de Galicia para xestionar todo o relacionado co Parque Nacional das Illas Atlánticas; a idea de estar asistindo a unha decisión premeditada de causar un dano moi grave á imaxe das illas Cíes, de Vigo e da súa economía, colle forza e consistencia.

É inexplicable en termos políticos e da mínima lealdade institucional que unha decisión desta envergadura non fose sometida á consideración do Goberno de Vigo. Son, polo tanto, moitas as preguntas ás que o Goberno da Xunta de Galicia debe de responder.

Os socialistas, censuramos a actuación da Xunta de Galicia na decisión de non permitir o acceso ás illas Cíes a miles de persoas que xa estaban nos barcos en medio da ría, poñendo en grave risco a seguridade marítima e a das persoas, e



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2017 12:45
Nº Rexistro: 14478
Data envío: 23/08/2017 12:45:49.981



Grupo Parlamentario

esiximos responsabilidades políticas de quen corresponda por ordenar tan nefasta decisión.

Ante esta situación os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cales foron as razóns de que, tendo coñecemento dende hai tempo da sobreventa de billetes para as illas Cíes, non se adoptasen medidas tan drásticas ata este momento?

Pazo do Parlamento, 23 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/08/2017 12:44:15

Raúl Fernández Fernández na data 23/08/2017 12:44:23

María Luisa Pierres López na data 23/08/2017 12:44:33

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/08/2017 12:44:40

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 12509(10/POP-001516)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia tendentes ao
cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais

Publicación da iniciativa, 149, 20.07.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Nos últimos días producíronse falecementos de persoas no seu posto de traballo, un traballador na Ponte de Rande, e un electricista. Os dous desenvolvían as súas funcións laborais, cando sufriron un accidente co resultado de morte. Onte, día 11 de xullo de 2017, houbo dous feridos nunha obra e nun concesionario en Vigo. No que vai de ano rexistráronse feridos: en Manzaneda, Vigo e Sogama con resultado de morte dunha traballadora subcontratada en Cerceda; en Vigo e en Ribadavia despois de sufrir sendas caídas pola colocación dun canalón e por ceder unha uralita; caída dun operario desde un andamio; morte dun albanel por aplastamento cunha pedra; un operario galego faleceu nas obras do metro de Granada; un operario nun accidente nunha granxa en Maceda, con resultado de morte; un traballador en Alcoa, tamén falecido; un mecánico ferido en Mos despois de caerlle enriba o coche que reparaba; 3 feridos nunha deflagración en Ferroatlántica, en Cee e nos barcos de pesca, que é onde maior número de sinistralidade laboral se produce.

Galicia é a primeira comunidade na se dá a maior taxa de sinistralidade laboral mortal, duplicando a media española. No ano 2016 producíronse preto de 25.000 accidentes laborais con baixa e deles 57 mortais. No que vai de ano faleceron 8 persoas ate o mes de abril.

A normativa aplicable neste sector é a seguinte:



Lei 31/1995, do 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais.

Lei 54/2003, de 12 do decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais.

Real Decreto 39/1997, de 17 do xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

O artigo 42 da LPRL establece que o incumprimento polos empresarios das súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais darán lugar a responsabilidades administrativas, así coma a responsabilidades penais e civís polos danos e prexuízos que podan derivarse do seu incumprimento.

A xunta de Galicia ten que velar a fin de que se cumpra a normativa laboral e a fin de evitar, ou cando menos rebaixar, o número de falecementos no posto de traballo, ata que o seu número sexa 0.

Entre mentres, son esenciais as políticas de prevención de riscos, de fomento das actividades de formación, encamiñadas ao coñecemento e divulgación entre os propios traballadores, e o cumprimento polas empresas, todos os sectores e tamén polas administracións.

Por todo o exposto, o grupo parlamentar En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para frear e rebaixar a cero as persoas falecidas no seu posto de traballo, ante esta traxedia que nos coloca na deshonrosa posición de ser a primeira comunidade no Estado español en mortalidade laboral?

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2017.



Asdo.: Luís Villares Naveira

Manuel Lago Peñas

Paula Vázquez Verao

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2017 18:18
Nº Rexistro: 12509
Data envío: 13/07/2017 18:18:28.973

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 13/07/2017 18:14:55

José Manuel Lago Peñas na data 13/07/2017 18:15:04

Paula Vázquez Verao na data 13/07/2017 18:15:13

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 13255(10/POP-001655)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o estado de tramitación da solicitude do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal presentado pola empresa CUF respecto dos terreos que ocupa a fábrica de Elnosa en Lourizán

Publicación da iniciativa, 165, 30.08.2017

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Dirección Xeral de Medio Ambiente comunicou á Xunta de Galiza que non é posíbel ampliar o prazo para a produción de cloro empregando mercurio máis alá do 11 de decembro de 2017. Polo tanto, non é posíbel ampliar a autorización ambiental a ELNOSA máis alá desta data, toda vez que é materialmente imposíbel facer os cambios tecnolóxicos necesarios para adaptarse á normativa europea.

Segundo se fixo público onte mércores día 26 de xullo, a intención da empresa CUF é seguir producindo hipoclorito mentres se xestionan as decisións políticas necesarias para garantir a súa continuidade en Lourizán: tramitación pola Xunta do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e tramitación por Costas do Estado da ampliación da concesión.

Máis alá da aplicación da normativa europea que obriga a facer o cambio tecnolóxico antes de decembro de 2017, a realidade é que o complexo electroquímico está situado na contorna urbana de Pontevedra, nunha área densamente poboada e sobre terreos de dominio público marítimo terrestre. Razóns todas elas máis que suficientes para denegar a continuidade da fábrica na actual ubicación, promover o seu traslado e recuperar para usos sociais os terreos de dominio público. O sentido común, o sentido



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 11:43
Nº Rexistro: 13255
Data envío: 28/07/2017 11:43:33.654

da xustiza, o respecto ao medio ambiente e a propia normativa aprobada pola Xunta de Galiza (Directrices de Ordenación do Territorio e Plan de Ordenación do Litoral) son argumentos de peso para a non continuidade da fábrica nas marismas de Lourizán.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- . Cal é o estado de tramitación da solicitude do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal presentado pola empresa CUF a respecto dos terreos que ocupa a fábrica de ELNOSA en Lourizán?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 11:43
Nº Rexistro: 13255
Data envío: 28/07/2017 11:43:33.654

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2017 11:34:58

María Montserrat Prado Cores na data 28/07/2017 11:35:04

Ana Pontón Mondelo na data 28/07/2017 11:35:07

Xosé Luis Rivas Cruz na data 28/07/2017 11:35:09

Olalla Rodil Fernández na data 28/07/2017 11:35:11

Noa Presas Bergantiños na data 28/07/2017 11:35:13

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 13515(10/POP-001683)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as diferenzas entre Galicia e o resto do Estado no que
respecta ás porcentaxes de alumnado con necesidades
educativas especiais sobre o alumnado total

Publicación da iniciativa, 165, 30.08.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Anxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, sobre a atención do ACNEAE galego.

O pasado 6 de xullo, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte publicou un informe estatístico acerca do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE). O obxecto da estatística é facer un seguimento das políticas formativas levadas a cabo pola administracións educativas co obxecto de satisfacer as demandas concretas deste alumnado.

Entre os datos salientables que ofrece o informe, observamos unha asimetría notable entre o ACNEAE matriculado nos centros de titularidade pública ou concertada no conxunto do Estado (un 7,7% e un 5,8% do alumnado deses centros, respectivamente) e o ACNEAE matriculado nos centros de titularidade privada (un 1%). É claro, polo tanto, que os centros públicos e concertados vense na obriga de facer un esforzo maior na integración e formación do ACNEAE.

Se atendemos as cifras, comprobamos que Galicia non é unha excepción a esta norma.

- Nas escolas públicas galegas hai 13.945 alumnos e alumnas con trastornos da aprendizaxe. Nas privadas, 3.308.
- Nas escolas públicas hai 6.467 alumnos e alumnas con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación. Nas privadas, 1489.



- Nas escolas públicas hai 3.589 alumnos e alumnas que sofren problemáticas derivadas de situacións de desvantaxe socioeducativa. Nas privadas, 477.
- Nas escolas públicas hai 176 alumnos e alumnas cun descoñecemento grave da lingua de ensinanza. Nas privadas, 34.
- Nas escolas públicas hai 355 alumnos e alumnas cun retraso madurativo. Nas privadas, 90.

A necesidade de reforzar os medios cos que contan as escolas públicas galegas para integrar e formar ao ACNEAE vese aínda mellor ao comparar as porcentaxe do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade ou a trastornos graves

- En **España** constitúen o 2,8% do alumnado matriculado nun centro público. En **Galicia**, o 3,8%.
- En **España** constitúen o 2,6% do alumnado matriculado nun centro concertado. En **Galicia**, o 4,7%.
- En **España** constitúen o 0,4% do alumnado matriculado nun centro privado. En **Galicia**, o 1,3%.

Así, aínda que en Galicia a porcentaxe do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade ou a trastornos graves matriculado nun centro privado é maior que no conxunto do estado, a súa diferenza con respecto as porcentaxes que atopamos no ensino público e concertado son tamén moito maiores, o que pon en evidencia a necesidade de reforzar a ensinanza que recibe o ACNEAE galego.



Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

En base a que pode xustificar o Goberno galego a clara desigualdade entre
o alumnado galego e do resto do Estado?

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 02/08/2017 13:22:21

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/08/2017 13:22:29

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 14148(10/POP-001852)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 6 máis

Sobre as novidades e medidas específicas que se levarán a cabo para o desenvolvemento da nova estratexia galega de linguas estranxeiras EDUlingüe 2020

Publicación da iniciativa, 165, 30.08.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 14148
Data envío: 10/08/2017 14:10:18.799

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo, Antonio Mouriño Villar e Moisés Rodríguez Pérez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral Pleno**.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ven de elaborar unha nova estratexia galega de linguas estranxeiras 2020, EDUlingüe, coa que se pretende dar un novo impulso, tanto cuantitativo como cualitativo, ao modelo plurilingüe no ensino.

Esta estratexia pretende garantir unha aprendizaxe integral dunha primeira lingua estranxeira (nomeadamente o inglés) dende que o alumno entra na escola ata que remata a universidade. Isto faise posible porque o plurilingüismo amplíase a todas as etapas educativas, o que favorece un dominio completo da lingua estranxeira cursada.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

-Qué novidades e medidas específicas se levarán a cabo para o desenvolvemento da nova estratexia galega de linguas estranxeiras EDUlingüe 2020?

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 10/08/2017 14:07:00

María Antón Vilasánchez na data 10/08/2017 14:07:11

Teresa Egerique Mosquera na data 10/08/2017 14:07:22

Carlos Gómez Salgado na data 10/08/2017 14:07:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Antonio Mouriño Villar na data 10/08/2017 14:07:56

Carlos Enrique López Crespo na data 10/08/2017 14:08:11

Moisés Rodríguez Pérez na data 10/08/2017 14:08:21

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 12796(10/POP-001542)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre as conclusións do informe encargado ao grupo de
traballo que constituíron o Issga, o 061 e a Consellería do
Mar en relación coas boticas de primeiros auxilios nas
embarcacións pesqueiras

Publicación da iniciativa, 156, 02.08.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 12796
Data envío: 17/07/2017 14:29:34.174

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, Daniel Vega Pérez e Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

A Directiva Europea 92/29/CEE relativa ás disposicións mínimas de seguridade e saúde para promover unha mellor asistencia médica a bordo de buques atópase actualmente nun período de avaliación e revisión por parte dos estados membros. Esta disposición normativa implica unha amplitude importante dos requisitos no contido do botiquín para moitas embarcacións galegas que faenan preto da costa, e afecta principalmente á flota de artes menores, composta por preto de 3.800 unidades en Galicia.

O botiquín que ten a obriga de usar esta frota de baixura é bastante custoso e complicado de utilizar, tendo en conta ademais as pequenas dimensións destas embarcacións que non acostuman a ter ponte.

Neste senso, a Xunta de Galicia constituíu un grupo de traballo do que formaron parte as Consellerías de Economía, Emprego e Industria, Sanidade e Mar, co obxectivo de reunir máis información para complementar as propostas de Galicia trasladadas á Unión Europea. A través deste grupo elaborouse un informe que foi presentado ao sector no Consello Galego de Pesca.

Dende o Partido Popular temos defendido a necesidade de examinar a conveniencia de portar todos os medicamentos e equipamentos médicos requiridos, toda vez que moitos poden considerarse superfluos ou excesivo, e de adecuar, en consecuencia, os requirimentos ás necesidades e circunstancias da nosa frota.

Por tanto, tendo en conta o anteriormente exposto, este grupo parlamentario quere Presentar a seguinte **Pregunta Oral en Pleno**:

-Cales foron as conclusións do informe encargado ao grupo de traballo que constituíron o ISSGA, o 061 e a Consellería do Mar a propósito dos botiquíns nas embarcacións pesqueiras?

Santiago de Compostela, 17 de Xullo de 2.017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 12796
Data envío: 17/07/2017 14:29:34.174

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 17/07/2017 14:27:31

Teresa Egerique Mosquera na data 17/07/2017 14:27:40

María Ángeles García Míguez na data 17/07/2017 14:27:58

María Soraya Salorio Porral na data 17/07/2017 14:28:09

Alberto Pazos Couñago na data 17/07/2017 14:28:16

Marta Rodríguez Arias na data 17/07/2017 14:28:28

Daniel Vega Pérez na data 17/07/2017 14:28:45

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.9 13092(10/POP-001617)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o número de consultas implementadas nos hospitais
comarcais desde a posta en marcha das Estruturas

Organizativas de Xestión Integrada no Sergas

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 13:58
Nº Rexistro: 13092
Data envío: 26/07/2017 13:58:56.587

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

As estruturas organizativas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, son instrumentos de organización, sen personalidade xurídica, que configuran os órganos periféricos que xestionan o Servizo Público de Saúde de Galicia, integrando todos os centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde no seu ámbito territorial.

Corresponde a estas estruturas a xestión unitaria dos recursos sanitarios do seu ámbito territorial, así como das prestacións e programas sanitarios que desenvolven, excepto as funcións de autoridade sanitaria.

Os ámbitos xeográficos de cada unha das EOXIs establécense nos decretos e ordes polas que se crearon entre os anos 2010 e 2013.

En Galicia hai sete Estructuras de Xestión Integrada, A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo-Cervo-Monforte, Ourense-Verín-Barco de Valdeorras, Pontevedra-Salnés e Vigo, que se encargan da xestión das once áreas sanitarias.

Dende o Grupo Parlamentario Popular apoiamos a creación destas estruturas, que estamos convencidos que representan unha importante mellora da calidade da asistencia que se lle presta á cidadanía.

Unha das vantaxes que presentan estas estruturas é a posibilidade de acercar as consultas especializadas aos hospitais comarcais dende os centros de referencia,

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 13:58
Nº Rexistro: 13092
Data envío: 26/07/2017 13:58:56.587

mediante o desprazamento dos facultativos especialistas a eses hospitais, co obxectivo de facilitar a atención convertendo ao paciente no centro do sistema.

Por todo elo, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Cantas consultas especializadas se teñen implementado nos hospitais comarcais dende a posta en marcha destas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada no Sergas?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 26/07/2017 13:56:23

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/07/2017 13:56:31

María Ángeles García Míguez na data 26/07/2017 13:56:37

Marta Rodríguez Arias na data 26/07/2017 13:56:43

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 26/07/2017 13:56:50

María Soraya Salorio Porral na data 26/07/2017 13:56:57

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/07/2017 13:57:04

Raquel Arias Rodríguez na data 26/07/2017 13:57:11

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 13:58
Nº Rexistro: 13092
Data envío: 26/07/2017 13:58:56.587

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/07/2017 13:57:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 12.09.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.10 15236(10/PUP-000103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de
construír un centro de día para persoas maiores de 65 anos no
concello de Rianxo



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15236
Data envío: 04/09/2017 14:01:30.120

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, relativa á necesidade da construción dun centro de día no concello de Rianxo.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación social no concello de Rianxo pola necesidade dun centro de día.

Exposición de motivos

Pese a que Galiza é un país con unha poboación cada vez máis envellecida, a falta de dispositivos e recursos para atender ás persoas en situación de dependencia é unha constante.

É unha evidencia a necesidade de implementar recursos públicos que dean resposta ás necesidades tanto das moitas persoas maiores como das que están en situación de dependencia.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15236
Data envío: 04/09/2017 14:01:30.120

Dentro dos recursos demandados ocupan un lugar moi importante os centros de día. Dispositivos pensados para dar respostas as necesidades destas persoas, mellorar a súa calidade de vida, desde a proximidade e permitindo que sigan vivindo no seu entorno familiar evitando o desarraigo e tamén facilitando a conciliación laboral e familiar.

Á atención a estas persoas debería ser unha prioridade por parte da Xunta de Galiza, mais lonxe diso a realidade é que son miles as que seguen a agardar por eses recursos.

Entre estes está o concello de Rianxo, onde hai desde hai tempo a demanda de que o concello conte cun centro de día. @s veciñ@s levan meses loitando para que a súa demanda sexa atendida por parte da Xunta. Téñense organizado nunha plataforma para sumar esforzos, de tal xeito que levan recollido sinaturas, realizado concentracións, manifestacións, protestas e un peche ininterrompido desde o día 13 de xullo no salón de plenos do concello.

O BNG leva tempo tamén demandando o centro de día para Rianxo. Son moitas as xestións e esforzos realizados polo Goberno municipal, que ten mostrado a súa vontade de acadar unha solución, a empezar pola posíbel ubicación, realizando a cesión de terreos ou a posibilidade de rehabilitación de algún edificio existente, e temos presentado iniciativas parlamentares a empezar pola inclusión de emendas en repetidas anualidades nos orzamentos da Xunta.

A petición dun centro de día para Rianxo está máis que xustificada, este concello ten arredor de tres mil persoas con máis de 65 anos, e un número



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15236
Data envío: 04/09/2017 14:01:30.120

importante tanto dos que se desprazan a outros concellos para recibir atención como dos que están en situación de acudir a un centro destas características de existir no concello.

A pesar de todo o exposto, a Xunta de Galiza está a mostrar unha total insensibilidade diante das demandas de veciñ@s e concello de construción dun centro de día.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Non lle parece razoábel a petición dun centro de día por parte d@s veciñ@s de Rianxo, tendo en conta o alto número de persoas con máis de 65 anos e o importante número que se desprazan a outros concellos para ser atendid@s?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 04/09/2017 16:30

Nº Rexistro: 15236

Data envío: 04/09/2017 14:01:30.120

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2017 14:00:55